

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de febreiro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día trece de febreiro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(155).- ACTAS ANTERIORES. Apróbanse as actas das sesións 23 e 30 de xaneiro de dous mil seis. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(156).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2005. EXPTE. 13305/301.

Dáse conta do escrito da delegada de Área de Participación Cidadá, de 26.01.05, polo que, en cumprimento da base 31^a das Bases de execución do presuposto municipal para o ano 2005, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social durante o mes de decembro de 2005, e que son os seguintes:

| DATA | CONCEPTO | PARTI- DA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE EUROS | TERCEIRO |
|----------|--|--------------|-----------------|------------------|--------------------------------------|
| 10/11/05 | ASISTENCIA TÉCNICA | 2270608 | 200500051490 | 9.438,48 | ESTINGA SERVICIOS SOCIAIS, S.L. |
| 15/12/05 | REPARACIÓN E MANTEMENTO UBAS | 2120000 | 200500059044 | 4.000,00 | VARIOS |
| 16/12/05 | CELEBRACIÓN DÍA DOS MAIORES (MONTAXE CADEIRAS) | 2260100 | 200500059270 | 435,00 | MÓNICA GÁNDARA |
| 22/12/05 | SERVICIO CATERING DÍA DOS MAIORES | 2260100 | 200500060833 | 5.604,37 | Mª DOLORES FERNÁNDEZ |
| 15/12/05 | CAMPAÑA RECOLLIDA BICIS | 2260200 | 200500058979 | 2.857,08 | ITRES PUBLICIDAD, S.L. |
| 19/12/05 | CAMPAÑA DE BOA MAN | 2260200 | 200500060477 | 9.818,40 | ITRES PUBLICIDAD, S.L. |
| 12/12/05 | AVALIACIÓN VIVENDAS | 2270600 | 200500058373 | 12.000,00 | OSCAR VALVERDE CARNICERO |
| 16/12/05 | APLICACIÓN INFORMÁTICA PROGRAMA TELEASISTENCIA | 2270600 | 200500059583 | 11.942,35 | AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. |
| 16/12/05 | NOVOS NÓDULOS CITA PREVIA | 2270600 | 200500059633 | 11.988,12 | AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. |
| 20/12/05 | SEGURIDADE CARPAS BOA MAN | 2270600 | 200500060620 | 2.077,56 | H2O GALICIA , S.L. |
| 20/12/05 | AVALIACIÓN VIVENDAS | 2270600 | 200500060633 | 12.000,00 | ORLANDO ABILDUA CAPETILLO |
| 21/12/05 | ADQUISICIÓN MOBILIARIO UBAS | 6250000 | 200500060816 | 7.475,41 | ESQUITINO MARTÍNEZ, S.A. |
| 21/12/05 | ADQUISICIÓN EQUIPOS INFORMÁTICOS | 6260000 | 200500060810 | 10.000,00 | GÓMEZ BESADA, S.L. |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(157).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 02/1478/06, 04/745/06, 02/1477/06, 02/1359/06, 02/1458/06, 11/001/212.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de sector de Acción Social, conformado pola delegada de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación de Servicio de Axuda no Fogar a:

- D^a.M^a Loreto Herrero Pazo. Expte.11/1212.
- D^a Herminia Cascallar Tobio. Expte.02/1458.
- D^a Mercedes moreira iglesias. Expte. 04/745.
- D^a. M^a Carmen Rivas Fernández. Expte.02/1477.
- D^a Amparo Vázquez García. Expte. 02/1359.
- D^a Victoria Rodríguez Alonso. Expte. 2/1478.

4(158).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN NOESCAFÉ-TEATRO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DE TEATRO E DANZA "ATL'06". EXPTE. 9423/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades culturais, do 06.02.06, conformado polo xefe do Servizo de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a asociación cultural Noescafé-Teatro, para a organización do Festival alternativo de teatro e danza "ALT'06".

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 25.000.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, para facer fronte ao estipulado no convenio e que se aboará á asociación cultural Noescafé-Teatro, CIF G-36891323.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA-CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

Vigo, o xxxxxx de febreiro de dous mil seis.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, na súa calidade de CONCELLEIRO DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n; CP 36202; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D^a MARÍA DOLORES CORREA SOBRIDO, NIF 36045220-B, na súa calidade de PRESIDENTA e en representación da entidade denominada NOESCAFÉ-TEATRO, CIF G-36891323, e con enderezo en Vigo, rúa Pizarro, 89, CP 36204; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que a Concellaría de Asuntos Sociais-Cultura ten entre as súas principais competencias a promoción, difusión e apoio ás creacións musicais e teatrais, fundamentalmente mediante a organización dunha programación estable de artes escénicas ao longo de todo o ano, por distintos lugares da cidade e dirixido a todo tipo de públicos.
2. Que dende o ano 2002 o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Noescafé-Teatro veñen organizando o Festival alternativo de teatro e danza de Vigo, e que ten acadado unha excelente acollida entre o público e a crítica da nosa cidade.
3. Que a Asociación Cultural Noescafé-Teatro está en condicións de organizar a quinta edición deste festival conxuntamente co Concello de Vigo.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Noescafé-Teatro establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é a programación e organización do Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo "ALT'06", que se celebrará na cidade de Vigo no mes de marzo, según o programa que figura como anexo I.

SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral do festival, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o detalle presentado pola ENTIDADE e que figura como anexo II, ascende a un total de 36.050.-€, dos que 25.000.-(VINTE CINCO MIL EUROS) serán financiados polo Concello de Vigo a través do presente convenio e serán aplicados á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade.

As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ao Concello de Vigo son as seguintes:

1. Xestionar o programa de compañías para o festival, para o que presentará unha completa selección de posibilidades ao departamento municipal de Cultura. A decisión final do contido do festival tomarase entre ambas partes.
2. Xestionar directamente todas as cuestións referentes aos grupos teatrais seleccionados para o festival.
3. Contratar ao seu cargo o material gráfico necesario para a difusión do festival, consistente en mupis, carteis, programas, entradas e invitacións; de todos modos, deberán presentar as probas dos distintos elementos gráficos para obter a conformidade previa do persoal técnico do departamento municipal de Cultura antes da súa edición definitiva. Tamén será responsabilidade da ENTIDADE a súa distribución.
4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias para o bó desenvolvemento das representacións.
5. Asumir todos os gastos que se deriven da contratación das compañías participantes no festival (cachés, desprazamentos, aloxamentos, manutención...); así mesmo, serán os únicos responsables de realizar os pagamentos a cada unha destas compañías. Todo isto a excepción das dúas compañías contratadas directamente polo CONCELLO a través da Rede Galega de Teatro.

6. *Aportar o persoal necesario para a xestión das taquillas e información ao público; este persoal, en cumprimento da ordenanza municipal de Normalización lingüística, deberá utilizar o galego na súa relación co público, salvo petición expresa do uso do castelán.*
7. *Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria-avaliación do programa de actividades obxecto deste convenio dentro dos quince días hábiles seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: afluencias de público, memoria de prensa, rexistro fotográfico ou audiovisual, informe de incidencias, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados, acompañando a documentación xustificativa correspondente.*
8. *Incluír o logotipo oficial do Concello de Vigo-Cultura en calidade de organizador en todo o material gráfico que se edite para o festival, así como en toda a difusión aos medios de comunicación que se realice. A presentación oficial do festival xestionarase entrambas partes. Os logotipos das empresas ou entidades colaboradoras no festival, se é o caso, seguirán a orde e prelación de tamaños que corresponda segundo o valor da súa colaboración.*

QUINTA.- Obrigas do Concello-Concellaría de Asuntos Sociais.

As obrigas que asume o Concello de Vigo respecto á ENTIDADE son as seguintes:

1. *Aportar a cantidade total de 25.000.-€, para a organización e realización do festival.*
2. *Contratar a través da Rede Galega de Teatros a actuación das compañías Teatro do Noroeste e Santart Teatro.*
3. *Xestionar a reserva para a utilización das seguintes instalacións municipais:*
 - *Auditorio municipal: do 14 ao 19 de marzo.*
 - *Salón de actos do MARCO: 10 e 11 de marzo.*
 - *Casa das Artes: planta primeira do 1 ao 20 de marzo, planta baixa do 6 ao 12 de marzo.*
4. *Aportar a produción técnica necesaria para as representacións previstas no festival, dacordo co “rider” que aporten as compañías; o departamento de Cultura nomeará un responsable de produción que fará de interlocutor coa ENTIDADE e non asumirá ningunha outra cuestión técnica que as reflexadas no citado “rider”.*
5. *Xestionar e aboar os dereitos de autor que se deriven do festival.*

SEXTA.- Prezos de entradas e invitacións.

O prezo da entrada para cada espectáculo fíxase de mutuo acordo en 5.-€, e estabrecerase un bono para todo o festival de 35.-€; a xestión da recaudación será total responsabilidade da ENTIDADE e será a beneficiaria da mesma. Así mesmo, editaranse invitacións, das que se entregarán un total de 20.- para cada unha das representacións ao departamento de Cultura, para atender os seus compromisos protocolarios, cunha antelación mínima de tres días ao comezo do festival.

SÉTIMA.- Mecanismo de seguimento.

O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a ENTIDADE e á presenza do persoal técnico do departamento de Cultura nos propios espectáculos programados.

OITAVA.- Forma de pagamento.

O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. *Un primeiro pagamento de 15.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0139 32 0040007514 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 10 de marzo.*
2. *Un segundo pagamento de 6.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0139 32 0040007514 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 17 de marzo.*

3. *Un terceiro e derradeiro pagamento por un importe de 4.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, trala conformidade do persoal técnico do departamento de Cultura ao desenvolvemento xeral do festival e á memoria-avaliación estipulada na cláusula terceira, 6, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.*

En caso de suspensión dalgún dos espectáculos, e se non se decide a súa substitución, o Concello de Vigo realizaría os descontos que correspondan segundo os datos que figuran no presuposto no anexo II.

NOVENA.- Difusión e información.

Toda a información sobre o festival, especialmente no material gráfico, estarán integramente en idioma galego. O material editado deberá contar coa conformidade previa do departamento de Cultura e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

DÉCIMA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

A vixencia do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2006. Así mesmo, este convenio non será prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita oficial (a través do Rexistro Xeral) cunha antelación mínima de un mese.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Outros compromisos.

O Concello de Vigo e a entidade asinante non asumen ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de controversias.

O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e bó desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e a un so efecto o presente convenio, no lugar e a data que se indican.

ANEXO I

PROGRAMACIÓN

CASA DAS ARTES (ESCÉNICAS)

*Día 8 - 21h COMPAÑÍA SANTART (Galicia)
"O2, pegadas dunha traxedia grega" - Teatro-*

*Día 9 - 21h COPRODUCCIÓN: TEATRO DO NOROESTE (Galicia)
 CÁMARA NEGRA (Andalucía) NOESCAFÉTEATRO (Galicia)
"A casa do pai" - Teatro-*

*Día 10 - 21.30h COMPAÑÍA Mr KUBIK (Madrid)
"Metro Cúbico" - Teatro Gestual -*

Día 11 - 21.30h COMPAÑÍA DE MATEO FEIJÓO (Madrid)

"Mamaíta no soy mala" - Danza, Performance con música en directo -

Día 18 - 19h COMPAÑÍA C.E.M. (Portugal)
"Caminhando" - Performance -

MARCO

Día 10 - 20h COMPAÑÍA QUATTRO ENSEMBLE (Dinamarca)
"Let me follow in your footsteps" - Danza -

Día 11 - 20h COMPAÑÍA MC4 (Portugal)
"Trisstesse in blue " - Danza -

AUDITORIO MUNICIPAL

Día 15 - 21h COMPAÑÍA JORGE SÁNCHEZ (Argentina-España)
"Nadar abraza" - Teatro -

Día 16 - 21h COMPAÑÍA FABRICA DE TEATRO IMAGINARIO (Euskadi)
"Aurevoir triunfadores" - Teatro -

Día 17 - 21h COMPAÑÍA DO CHAPITO (Portugal)
"Talvez Camoes" - Teatro -

Día 18 - 21h COMPAÑÍA AMARANTO (Cataluña)

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA de TEATRO. "Olladas á escena" (Casa das Artes)

Fotógrafos:

Serge Montval (Francia), Luís Castilla (Andalucía), Agustín Hurtado (Andalucía)

VIDEO PROYECCIONES "DANZA NA PANTALLA" (Casa das Artes)

Festival LEKUZ-LEKU (Euskadi), Branca Novoneira* (Galicia), Anxo Gómez* (Galicia) * por confirmar

PERFORMANCES NOS ESCAPARATES "PÁRATE NA RÚA!" (13, 14,15 de marzo)

Alumnado de Belas Artes e da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo, máis outros artistas, convirten un feito cotián en feito teatral. Todo tras o vidro dos escaparates.

ANEXO II

ORZAMENTO

INGRESOS

| | |
|---|-----------------|
| <u>CONVENIO CONCELLO</u> | 25.000 € |
| <u>APORTACIÓN DO CONCELLO POLA REDE</u> | 2.150 € |
| CONVENIO IGAEM | 3.000 € |
| CONVENIO INSTITUTO CAMOES | 3.000 € |
| APORTACIÓN COCA-COLA | 900 € |
| PREVISIÓN DE TAQUILLA | 2.000 € |
| TOTAL | 36.050 € |

GASTOS

| | |
|--------------|-----------------|
| CACHÉS | 26.100 € |
| PUBLICIDADE | 5.000 € |
| XESTIÓN | 4.950 € |
| TOTAL | 36.050 € |

ORZAMENTO DE GASTOS

1. CACHÉS 26.100 €

| | |
|--|---------|
| SANTART | 1.000 € |
| NOESCAFÉTEATRO, TEATRO DO NOROESTE, CÁMARA NEGRA | 1.500 € |
| Mr. KUBIK | 1.500 € |
| DE MATEO FEIJÓO | 2.300 € |
| QUATTRO ENSEMBLE | 900 € |
| OLGA CAMESELLE | 300 € |
| MC4 DANÇA | 1.500 € |
| CÍA. JORGE SÁNCHEZ | 2.300 € |
| FÁBRICA DE TEATRO IMAGINARIO | 2.500 € |
| DO CHAPITO | 2.300 € |
| AMARANTO | 2.300 € |
| C.E.M | 900 € |
| DANZA NA PANTALLA | 1.300 € |
| OLLADAS Á ESCENA | 1.500 € |
| PÁRATE NA RÚA | 1.000 € |
| ALOXAMENTO E AXUDAS DE CUSTO | 3.000 € |

2. PUBLICIDADE..... 5.000 €

| | |
|---|---------|
| DESEÑO, IMPRENTA, CARTELERIA, MUPIS, ETC... | 3.000 € |
| DISTRIBUCIÓN | 800 € |
| OUTROS SOPORTES | 700 € |
| CLUBE DO MECENAS E VARIOS | 500 € |

3. XESTIÓN 4.950 €

| | |
|--|---------|
| ADMINISTRACIÓN | 1.000 € |
| AXUDAS DE CUSTO PERSOAL DA ASOCIACIÓN | 1.500 € |
| PERSOAL CONTRATADO. TAQUILLA, ASISTENCIA, ETC... | 900 € |
| VARIOS | 1.550 € |

TOTAL..... 36.050

5(159).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DA I DUATLÓN DE MONTAÑA UNIVERSIDADE DE VIGO, O 18.02.06. EXPTE. 6026/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 30.01.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar o Servizo de Deportes da Universidade de Vigo a desenvolver o vindeiro día 18 de febreiro de 2006 a proba deportiva denominada “I Duatlón de Montaña Universidade de Vigo” polos viais pertencentes o Concello de Vigo , con saída da zona do aparcadoiro da zona deportiva do campus universitario de Lagoas Marcosende as 16: 00 h e chegada o mesmo punto as 18:30 h.

6(160).- XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO. EXPTE. 7420/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 9.01.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Destinar a cantidade de 352.423,75 (TRESCENTOS CINCOENTA E DOUS MIL CATROCENTOS VINTETRES EUROS CON SETENTA E CINCO CENTIMOS) para o ano 2006, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos:

- alarmas
- xardinería
- limpeza non contratada
- baleirado de fosas
- carpintería
- fontanería
- pintura
- soldadura
- albanelería
- limpeza de depósitos de auga, etc.

En xeral, todos os traballos de mantemento dos centros que non precisen de proxecto técnico, consonte coas consideracións que se especifican no punto 5 desta proposta.

SEGUNDO.- Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o procedemento que se indica no apartado 7) desta proposta e que queda reflectido no cadro anexo.

TERCEIRO.- O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada en dúas partes iguais. A primeira no mes de MARZO; e a segunda e última no mes de XULLO.

A fin de comprobar que o gasto efectuado corresponde ó capítulo de mantemento dos colexios, e non a outro, o Concello poderá solicitar a pertinente certificación do consello escolar de centro cando sexa necesario.

De tódolos xeitos, cada consello escolar deberá presentar no Departamento de Educación Municipal, a xustificación dos gastos efectuados, xunto coa certificación da súa aprobación polo citado órgano colexiado. Esta certificación deberá recibirse no Departamento de Educación dentro da primeira quincena do mes de xaneiro de cada ano.

A tal efecto farase, polo menos, unha reunión específica da comisión económica na última quincena do mes de decembro para preparar para o consello escolar a xustificación e facturas dos gastos de autoxestión.

CUARTO.- As contías entregadas destinaranse ó mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido á merca dos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques...), como ó pagamento das facturas por man de obra e servicios de empresas competentes nas materias obxecto do gasto legalmente establecidas.

QUINTO.-

- a) Prohíbese expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a realización de obras de mellora, reforma ou ampliación que suporían modificación na distribución da estrutura dos edificios, así como aquelas reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas e instalacións eléctricas e as que poidan supoñer ponteio, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos.
- b) Sen embargo, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámparas, cebadores, resistencias, etc., sí que entran no concepto de AUTOXESTIÓN e deberán ser realizados polo centro.
- c) A partir da data de efectividade deste acordo non se admitirá por parte dos servicios municipais ningunha proposta de actuación dos mesmos, nin gastos algúns que se atopen incluídos nos autorizados a realizar directamente polos directores/as dos centros. Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo, deberán ser solicitadas por escrito ó Departamento de Educación, que actuará, asimismo, en caso de emerxencias, ou grandes avarías (a lei define claramente cales son as emerxencias e as grandes avarías), así como nos casos nos que os colexios non teñen recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases.
- d) O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.
- e) O mantemento e operatividade do sistema de alarmas en perfecto funcionamento é responsabilidade do centro, incluso nos casos nos que se queimen por tormentas ou noutras circunstancias extraordinarias semellantes.

f) O mantemento de pararraios onde os haxa tamén será obriga do centro.

SEXTO.- Dada as diferencias que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estrictamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Departamento de Educación e polos mecanismos propios da intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

SÉTIMO.- Para a distribución do presuposto xeral previsto, de acordo coa proposta do órgano de representación dos/das directores/as de todos os colexios públicos de Vigo, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte baremo:

| | |
|---|-----------|
| * por cada unidade escolar | 15 puntos |
| * por cada 50 alumnos/as ou fracción | 15 puntos |
| * antigüidade: por cada ano (sen límite)..... | 2 puntos |
| * por cada 1.000 m2. de superficie do recinto escolar | 5 puntos |
| * por non ter porteiro | 40 puntos |
| * por ter porteiro que presta servizo noutro servizo mpal.... | 20 puntos |
| * por ter servizo de comedor (sobre situación ano 2003) | 20 puntos |
| * ximnasio en edificio aparte | 20 puntos |
| * Colexios Plan Urgencia (Rf) | 30 puntos |

OITAVO.- O mantemento das vivendas dos porteiros-vixiantes non está incluído na autoxestión.

NOVENO.- Fíxase unha compensación económica equivalente a 40 puntos, a maiores da autoxestión, para compensar as baixas de máis de seis meses dos porteiros-vixiantes, previa petición escrita do centro antes do 31 de decembro do ano no que aquela se producise.

DECIMO.- En atención ás especiais características do Centro de Educación Permanente de Adultos/as non son de aplicación as puntuacións:

-por terreos.

-por alumnado: neste caso puntuarase con 15 puntos cada cen alumnos ou fracción.

DECIMO –PRIMEIRO.-

As reclamacións terán efecto no ano seguinte e deberán solicitarse ao Servizo de Educación mediante escrito e presentando os correspondentes xustificantes.

DECIMO-SEGUNDO.-

O Servizo de Educación cursará as órdenes oportunas á Intervención para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ó sistema de AUTOXESTIÓN.-

7(161).- LISTADO DEFINITIVO DAS PERSOAS TRABALLADORAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA BIAL 2006 (OFICIAIS). EXPTE. 3628/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 03.02.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o listado definitivo das persoas beneficiarias de BIAL, e suplentes, para a súa posterior e inmediata contratación, para desenvolver o programa, como traballadores/as beneficiarios/as oficiais:

| Apelidos | Nome | DNI | Categoría Profesional |
|-------------------|---------------|-----------|-----------------------|
| SUAREZ GAYOL | JOSE MARIA | 34625587F | Oficial Albanel |
| PEREZ BASTOS | ENRIQUE | 36021551D | Oficial Albanel |
| COSTAS MORAN | PAULINO | 35955913J | Oficial Albanel |
| ARJONES ALVAREZ | GERARDO | 36072247J | Oficial Conductor |
| VAAMONDE PORTAS | LEOPOLDO | 36079495Q | Oficial Conductor |
| SENDIN DACUÑA | JUAN EZEQUIEL | 35765345T | Oficial Conductor |
| BEISOL LIÑARES | CESAREO | 36081880D | Oficial Conductor |
| ROSARIO SAMUEL | FRANCISCO | 45411314E | Oficial Electricista |
| DOMINGUEZ PEREZ | ALBERTO | 36075283J | Oficial Electricista |
| DOMINGUEZ SANCHEZ | JOSE LUIS | 36037845L | Oficial Ferreiro |
| PIÑEIRO GARCIA | MARCOS | 36128158B | Oficial Fontaneiro |
| GARCIA IGLESIAS | MARIA DOLORES | 35999694W | Oficial Xardineira |

SUPLENTES:

| Apelidos | Nome | DNI | Categoría Profesional |
|-------------------|---------------|-----------|-----------------------|
| SANMARTIN PINTOS | MIGUEL ANGEL | 36143741T | Oficial Ferreiro |
| COMESAÑA COMESAÑA | NEMESIO | 35985461Y | Oficial Ferreiro |
| CHANTADA CARBALLO | GONZALO JULIO | 36039540N | Oficial Fontaneiro |
| RODRÍGUEZ VILA | BEATRIZ | 36101882R | Oficial Xardineira |
| IGLESIAS ALFONSO | MARGARITA | 36078819F | Oficial Xardineira |

8(162).- CONTRATACIÓN DE MONITORAS DO PROGRAMA “EU TAMÉN SEI 2005-2006”, 45 HORAS (II).EXPTE. 2312/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 24.01.06, conformado pola concelleira da Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto por importe global de 49.500,00€, con cargo á partida 463.2.226.06.00 e bolsa de vinculación xurídica para facer fronte á realización dos cursos seleccionados ó abeiro do disposto no art. 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

2º.- Contratar polo procedemento negociado previsto no apartado b) do artigo 210 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, e segundo o previsto nas bases do concurso de ideas para a “elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural “Eu tamén sei” na convocatoria 2005/2006” aprobadas pola Xunta de Goberno Local do día 18 de xullo de 2005, con:

- Asociación de Mulleres Monitoras (Proposta 8) CIF: G.36777613

Monitora: Mª José Tarrío Aba

Curso: Iniciación arte floral

Horas: 15

Vogalías: C.C.A.R. Valladares

Monitora: Nieves Díaz Arza

Curso: Marquetería aplicada ao carei, nácar e cuncha

Horas: 15

Vogalías: A.V.R. San Mamede Zamás, A.M. Rosalía de Castro

Hortas: 30

Vogalías: A.M. Dorna

Curso: Esmalte en frío

Horas: 30

Vogalías: A.V. Agarimo San Xoan Poulo, A.V. Outeiro de Comesaña

Curso: Pintura en tea, seda e estencil

Horas: 15

Vogalías: A.V. Beade

Horas: 30

Vogalías: A.M. Lúa de Bembrive, A. Unión y Amistad

Curso: One-stroke multicarga do pincel

Horas: 15

Vogalías: A.C.D. Xestas Bembrive

Horas: 30

Vogalías: A.V. As Fontes Sta Cristina

Monitora: Silvia Rocha Acuña

Curso: Pon a cabeza a funcionar

Horas: 30

Vogalías: A.V. A Paz

Monitora: Aurelia Costas Pumar

Curso: Tapicería

Horas: 30

Vogalías: A.V. As Nosas Rúas

Curso: Retacería artesá (patchwork)

Horas: 15

Vogalías: A.V. Conde de Torrecedeira, A.V. Teis, A.G. Amigos del Rocío

Horas: 30

Vogalías: Unión C.M. de Consumidores/as y A. del Hogar de Vigo

Curso: Decoración do fogar

Horas: 15

Vogalías: Asociación de Mulleres Abaris

Monitora: M^a Dolores Salgueiro Gramary

Curso: Manualidades textiles

Horas: 15

Vogalías: A.V. Lavadores

Horas: 30

Vogalías: A.V. O Freixo

Monitora: M^a J Mar Fernández González

Curso: Decoración do fogar

Horas: 30

Vogalías: A.V. Doutor José Casas de Bouzas, A.V.C. Casco Vello

Curso: Patchwork iniciación-perfeccionamento

Horas: 30

Vogalías: Asociación Amas de Casa Agarimo

Curso: Tapicería

Horas: 30

Vogalías: A. de Mulleres Xestas

Monitora: Sandra Álvarez Riesgo

Curso: Ximnasia (Método Pilates)

Horas: 30

Vogalías: A.V. Teis

Monitora: M^a Pilar Fernández Grande

Curso: Obradoiro de habilidades para recordar

Horas: 15

Vogalías: A.V. Rosalía de Castro da Salgueira

Monitora: Eva M^a Alvarez Iglesias

Curso: Tonificación e estiramientos

Horas: 15

Vogalías: A.V. Praza da Miñoa

Curso: Masaxe

Horas: 30

Vogalías: S.C.R.D. Helios

Prezo hora: 33€

Contía: 21.780,00 Euros

- Aula Sísifo de Formación SL (Proposta 18) CIF: B36917201

Monitora: Nuria Couso Prado e M^a Luisa Prado López

Curso: Aeróbic

Horas: 15

Vogalías: A. Mulleres de Bouzas, A.V. Cristo da Victoria de Coia

Curso: Aeróbic

Horas: 30

Vogalías: A.C.D. Xestas Bembrive, Asociación Mulleres Abaris

Monitora: M^a Luisa Prado López

Curso: Mellora a túa saúde coa práctica do tai-chí

Horas: 15

Vogalías: A.V. Agarimo S. Xoán Poulo

Horas: 45

Vogalías: A.V. Sampaio, S.C.R. Pardavila

Horas: 30

Vogalías: A. Mulleres de Bouzas

Monitora: María José Pérez Corral

Curso: Musicoterapia

Horas: 15

Vogalías: A.V. San Miguel de Oia

Monitora: Dolores Alonso Lorenzo

Curso: Introducción e técnicas de masaxe

Horas: 15

Vogalías: A. de Mulleres Xestas

Curso: 1000 xeitos de dar masaxes

Horas: 15

Vogalías: A. Mulleres Lúa Bembrive, Fed. Peñas R.Olivo, C.C.A.R. Valladares

Monitora: Marina González Ferreirós

Curso: Ritmo e corpos en movemento

Horas: 15

Vogalías: A.V. Rúas e Fontes de Cabral

Monitora: Ninoska Machín Martínez

Curso: Ioga

Horas: 15

Vogalías: A.V. Outeiro de Comesaña

Horas: 30

Vogalías: A.M. Rosalía Castro, A.V. Rosalía Castro da Salgueira

Monitora: Marian Rodríguez Comesaña

Curso: Nutrición e dietética

Horas: 15

Vogalías: A.V. Emilio Crespo San Paio de Navia

Monitora: Mercedes González González

Curso: Encaixe de palillos

Horas: 15

Vogalías: A.V. O Carballo de Sárdoma

Horas: 30

Vogalías: A.V. Fonte do Galo

Monitora: Concepción González Mosquera

Curso: Restauración mobles, obxectos madeira ...

Horas: 30

Vogalías: A.V. Camiño Vello de Coia

Monitora: Amalia Vicente Alvarez

Curso: Conservas vexetais de excedentes agrícolas

Horas: 30

Vogalías: A.V. Monte da Mina de Castrelos

Monitora: Rosa Ana Araújo Hernández

Curso: Rutas con historia

Horas: 15

Vogalías: A.V. Fonte do Galo

Horas: 30

Vogalías: A.V. Beade, A.V. Lavadores, A.V. O Carballo Sárdoma, A.V.R. San Mamede de Zamás

Monitora: Consuelo Fernández González
Curso: Electricidade na vivenda
Horas: 15
Vogalías: A.V.C.D. Candeán, A.V.C. Casco Vello
Horas: 30
Vogalías: A.V. A Nosa Terra Alcabre

Monitora: Sandra Graciela Verba
Curso: Psicoloxía social da saúde
Horas: 45
Vogalías: A.V. Doutor Fleming

Monitora: Elvira González Solla
Curso: Albur de recorsdos
Horas: 30
Vogalías: Asociación Mulleres Adiquerando

Monitora: Eva María Vila Ramos
Curso: Facendo Teatro
Horas: 15
Vogalías: A. Unión y Amistad, A.V. A Paz

Monitora: Patricia Martínez Larrea
Curso: Fotografía branco e negro, iniciación
Horas: 30
Vogalías: A.V. Conde de Torrecedeira
Prezo hora: 33€
Contúa: 27.720 ,00 Euros

9(163).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DE OFICIO DA PARCELA MUNICIPAL Nº 00825 NA RÚA SAN ROQUE S/N, OCUPADA MEDIANTE CONSTRUCCIÓN DUNHA CHABOLA. EXPTE. 17349/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 30.01.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)*

- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- O arquitecto municipal de patrimonio en data 19.09.2005 informa o seguinte:

“Personado en la parcela mnicipal nº 825 sita en la confluencia entre c/Papuxa e c/Morcego se constata el mal estado de conservación de la propiedad y la ubicación en la misma de una chabola que es frecuentada asiduamente

Se adjunta reportaje fotográfico.”

SEGUNDO.- Segundo resulta do parte de servizo da Policía Local de data 03.11.2005, a persoa ou persoas responsábeis da construción da chabola en propiedade municipal, resultaron ser: D. Pablo Suárez Blázquez DNI 39.451.344 L; D. Juan Daniel Pérez Alonso DNI 36.177.238; D. David Riobò Alvarez DNI 39.457.500 B ; e D. Moisés Enrique Quintela Pérez DNI 53.186.020 Q.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- No Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4-5-1993, figura a propiedade municipal nº000825, na Rúa San Roque s/n., coa denominación CESIÓN PARCELA 1.300 M2 DESTINO LIBRE, coa natureza xurídica patrimonial e cos seguintes lindeiros: N; Propiedades particulares polígono nº 38, S; Vial en proxecto, L; Vial en proxecto e O, Vial en proxecto. Dita adquisición foi formalizada en data 20.11.1991, ante o notario D. Jose Mª Rueda Perez, baixo o nº2496 do seu protocolo, e figura inscrita no Rexistro da Propiedade, tomo 1588, folio 41, finca 43991, inscrición 2ª.

SEGUNDO.- Non téndose constancia de que se tivese outorgado autorización administrativa para a ocupación privativa da propiedade municipal, como en todo caso resulta preceptivo e obrigado consonte á normativa vixente, que puidese lexitimar, no seu caso, a construción levada a cabo polos denunciados, débese considerar que os feitos anteriormente constatados poden ser constitutivos dunha ocupación ilícita do patrimonio municipal que motiva o exercicio das accións de recuperación posesoria e defensa que a normativa vixente lle recoñece ás Entidades Locais.

TERCEIRO.- Que consonte ó disposto nos artigos 28, 41 da LPAP, artigo 5 da LBRL, art. 270 da LALG, e o artigo 9 do RBEL, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.

O exercicio de acción de recuperación de oficio da posesión dos bens públicos, tanto os de natureza patrimonial como os demaniais, é unha prerrogativa administrativa na defensa dos seus bens e dereitos, que se lle recoñece ás Entidades Locais, non suxeita á límite temporal puidendo ser exercitada en calquera momento, cando se trate de bens demaniais, establecéndose pola contra o prazo dun ano cando o ben obxecto da acción sexa de natureza patrimonial (art. 41 e 55 LPAP, art. 283 da LALG, artigo 82 da LRBRL, e artigo 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).

CUARTO.- Por todo o anteriormente exposto, *proponse à Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, e consonte o disposto no art. 127.1.f da LRBRL, a adopción da seguinte resolución:*

“1º.- Incoar expediente de recuperación de oficio da propiedade municipal nº 000825 na Rúa San Roque s/n, pola súa ocupación mediante a construción dunha chabola por D. Pablo Suárez Blázquez DNI 39.451.344 L; D. Juan Daniel Pérez Alonso DNI 36.177.238; D. David Riobó Alvarez DNI 39.457.500 B ; e D. Moisés Enrique Quintela Pérez DNI 53.186.020 Q.

2º.- Concederlles a D. Pablo Suárez Blázquez DNI 39.451.344 L; D. Juan Daniel Pérez Alonso DNI 36.177.238; D. David Riobó Alvarez DNI 39.457.500 B ; e D. Moisés Enrique Quintela Pérez DNI 53.186.020 Q un prazo de 15 días a contar dende a notificación do presente acordo de incoación co fin de que teñan vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estimen por convenientes.

3º.- Dar traslado da presente á Xerencia Municipal de Urbanismo, por si os feitos relatados poideran ser constitutivos dunha infracción urbanística.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(164).-SOLICITUDE DE D^a. M^a ISABEL ALONSO IGLESIAS DE CESIÓN AO CONCELLO DE KIOSCO DE VENDA DE PRENSA SITO NA AVDA. GRAN VÍA. EXPTE. 17311/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 26.01.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e pola xefa de Área de Patrimonio, que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en data 27 de xuño de 2005 adoptou o acordo de “Aceptar a renuncia de D^a M^a Isabel Alonso Iglesias da concesión administrativa outorgada polo acordo plenario de 7 de marzo de 1983 para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco destinado á venda de prensa periódica na Gran Vía confluencia coas Illas Baleares, da cidade de Vigo, declarando resolta dita autorización, e de Requerir a D^a M^a Isabel Alonso Iglesias para que no prazo de 20 días, proceda á retirada do quiosco da vía pública e reposición desta ó seu estado orixinal”.

Segundo.- A interesada presenta escrito, no Rexistro Xeral deste Concello (documento 50125290), solicitando a cesión ao Concello do citado kiosco.

Terceiro.- Segundo informe do Parque Central de Servizos (Vías e Obras), a retirada do citado kiosco estímase cun coste superior ao do valor da instalación.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución en relación ó solicitado, a Xunta de Goberno Local consonte o disposto no Art. 127 da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Non acceder ao solicitado por D^a M^a Isabel Alonso Iglesias de cesión ao Concello do kiosco de venda prensa sito na Avd. Gran Vía confluencia coa c/Illas Baleares.

Segundo.- Requerir a D^a M^a Isabel Alonso Iglesias para que no prazo de 20 días, a partir do seguinte á notificación do presente acordo, proceda á retirada da vía pública e reposición desta ao seu estado orixinal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(165).- SOLICITUDE DE D^a. ANA M^a FERNÁNDEZ DURÁN DE CATALOGACIÓN COMO PÚBLICO NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DUN TRAMO DO CÑO. LOURIDO-BARRIO SALGUEIRA. EXPTE. 17371/240.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 30.01.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Dona Ana M^a Fernandez Durán, en escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 16 setembro do 2005, solicita a catalogación como público dun tramo en fondo de saco que parte do camiño chamado Barrio do Lourido, no barrrio da Salgueira.

SEGUNDO.-Remitido o expediente à informe do arquitecto xefe da oficina técnica de patrimonio, emitiuse informe en data 10-06-2005 sinalando que “no se encuentran en el presente expediente escrituras que avalen la titularidad pública o privada de este ramal de camino de Lourido.”

Así mesmo, polo servizo municipal de vías e obras sinálase en data 7.12.2005, que no departamento non se informou a recepción do camiño reseñado; que personados no camiño de referencia, persónanse os veciños que din ser propietarios do camiño entregando documentación; e que non efectua labor de mantemento e conservación ao non ter catalogado o mesmo como municipal.

TERCEIRO.- Considerando que no presente caso, a teor do informado, non se observa a concorrencia de circunstancias que constaten a existencia dun erro na relación das vías públicas municipais, e conseguintemente a necesidade de revisión e rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos no Epígrafe 1 Vías Públicas, no que respecta ao tramo camiño Barrio do Lourido, non resultando de modo indubitado a natureza de vía pública municipal plantexada pola solicitante.

Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL).

Por todo o anteriormente exposto, propónse à Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Desestima-la solicitude de Dona Ana Mª Fernandez Durán, da catalogación como público no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, dun tramo, en fondo de saco, do camiño chamado Barrio do Lourido, no barrio da Salgueira, no termo municipal de Vigo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(166).-DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO PARA RECUPERAICÓN DE OFICIO DA PROPIEDAD MUNICIPAL Nº 000800 SITA NA AVDA. CASTRELOS 118. EXPTE. 13498/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 30.01.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Consultado o expediente administrativo de referencia de recuperación de oficio da propiedade municipal núm. 000800 sita na Avda. de Castrelos nº 118, pola súa ocupación , nunha superficie de 60 m2, mediante a ampliación do local de negocios da planta baixa do citado inmovible, pertencente a D. José Lòpez Domínguez e D. Carlos Vila Rodríguez, resulta que trala incoación do procedemento acordada polo pleno en sesión de 26.03.2001 e a súa instrucción, non consta que se tivese adoptado acordo resolutorio polo órgano municipal competente.

SEGUNDO.- O procedemento administrativo incoado responde non só ao exercicio dunha potestade administrativa que lle ven recoñecida polo ordenamento xurídico ás Entidades Locais para a recuperación de oficio dos seus bens (art.55 da LPAP, art. 4.1.d. , e 82.a. LRBRL,e art. 44 e 70 RBEL) senon, asimesmo, no deber de defensa e protección destes, manifestado pola obrigación de exercitar as accións e prerrogativas administrativas das que é titular. (art 5 LRBRL, art.28 e 41 LPAP, art 270 LALG, art.220 ROFRJEL, e art. 9 RBEL).

TERCEIRO.- O instituto da caducidad dos procedementos administrativos está previsto e regulado no art. 43 e 44 da L. 30/92 de RXAP y PAC, regulación que resulta de aplicación aos procedementos das Entidades Locais por remisión xenérica da súa normativa xurídica a favor da lexislación estatal sobre procedemento administrativo común (art. 146. do ROFRJEL e expresamente no que se refire à caducidade, o previsto no art. 178 do ROF: La caducidad de los expedientes administrativos se regirá por la legislación sobre procedimiento administrativo común.

De acordo co previsto en ditas normas, naqueles casos en que se trate dun procedemento iniciado de oficio, a falta de resolución expresa do procedemento en prazo, e súa notificación aos interesados, non exime à administración do cumprimento da súa obrigación de resolver, se ben produce o efecto da caducidade do procedemento incoado (art. 44 LRXAP e PAC).

A teor delo, dende unha perspectiva puramente formal, e en aplicación estricta da norma, no presente caso, tendo sido incoado de oficio o expediente de recuperación de oficio mediante acordo do Pleno en data de 26 de marzo de 2001, sen que ata data tivese recaído acordo resolutorio, pode estimarse que formalmente o procedemento está incurso en causa de caducidade ao non apreciarse a concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen a demora acaecida, debendo ser declarada polo órgano administrativo ao xurisdiccional competente.

CUARTO.- Agora ben, se se ten en conta que o exercicio desta potestade recuperatoria, en tanto en canto recae sobre bens de dominio público non prescribe nin ten prazo para seu exercicio na vía administrativa, como xa quedou reseñado, todo o contrario aos bens de natureza patrimonial que se encontra limitada ao prazo dun ano dende que acontece a usurpación, a caducidade, no presente caso, non dà lugar a unha prescripción da acción administrativa, ou à caducidade ou decadencia de dereitos da administración nin, respecto aos interesados no procedemento, un recoñecemento dunha situación xurídica individualizada ou constitución de dereitos sobre os bens públicos obxeto de expediente.(art. 44 e art.92.2 e 92.3 da LRXAP e PAC).

Os seus efectos quedan limitados à esfera puramente formal do procedemento, dando lugar a unha demora no exercicio da acción, pola imposibilidade de continuación do expediente e à necesidade do seu reinicio.

QUINTO.- En mérito ao exposto, semella conveniente para os intereses municipais na actual situación de pendencia procedemental, declarar a caducidade do presente procedemento de recuperación de oficio, e sen solución de continuidade, acordar a incoación dun novo, outorgándolle aos interesados tràmite de audiencia por prazo de 10 días para formulación de alegacións, como tràmite previo à resolución do procedemento polo órgano competente.

Polo tanto, propónse á Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias atribuídas pola LRBRL no seu art. 127.1.f, a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Declarar a caducidade do procedemento administrativo para a recuperación de oficio da propiedade municipal nº 000800 sita na Avda. de Castrelos nº 118 desta cidade de Vigo, e conseguintemente o arquivo do expediente 13.498/240.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(167).-INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DE OFICIO DA PARCELA DE PROPIEDAD MUNICIPAL Nº 000800 SITA NA AVDA. CASTRELOS, 118. EXPTE. 17649/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 30.01.06, conformado polo concelleiro de Patrimonio e pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- O arquitecto municipal de patrimonio en datas 24.03.2004 e 13.04.2006 informa que a propiedade municipal nº 000800 ten sobre a mesma unha ocupación pechada duns 50 m2 anexos ao fondo do local comercial colindante, e sendo o seu único acceso a través do devandito local.

SEGUNDO.- Segundo resulta do parte de servizo da Policía Local de data 30.12.2005, a persoa ou persoas titulares do local comercial da Avda. de Castrelos nº 118 baixo, chamado GALERIA DE ARTE Y ENMARCADO é a entidade ARTE ALPIDE S.L., sendo o xerente D. Carlos Vila Rodriguez.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- No Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4-5-1993, figura a propiedade municipal nº000800, sita na Avda de Castrelos nº118, coa denominación CESIÓN 261 M2 ZONA VERDE AVDA. CASTRELOS, coa natureza de uso público e cos seguintes lindeiros: N; herdeiros de Evaristo Iglesias, S; Jose Leites Rodríguez, L; Edificio nº118 Avda de Castrelos e O, Fernando Costas Alonso. Dita adquisición foi formalizada en data 31-07-81, ante o notario D. Alberto Casal Rivas, baixo o nº2690 do seu protocolo, e figura inscrita no Rexistro da Propiedade nº5, tomo 462, folio 122, finca 33648, inscrición 1ª.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no art. 79.2 e 3 da Lei 7/1985 das Bases de Rèxime Local, e o artigo 263 e 264 da Lei 5/1997 da Admón. Local de Galicia, son bens de dominio público os destinados ao uso ou servizo público, tendo a condición de bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral.

TERCEIRO.- Non téndose constancia de que se tivese outorgado autorización administrativa para a ocupación privativa da propiedade municipal, como en todo caso resulta preceptivo e obrigado consonte á normativa vixente, que puidese lexitimar, no seu caso, as actuacións levadas a cabo pola propiedade do local sito na planta baixa do nº 118 da Avda. de Castrelos, débese considerar que os feitos anteriormente constatados poden ser constitutivos dunha ocupación ilícita do patrimonio municipal que motiva o exercicio das accións de recuperación posesoria e defensa que a normativa vixente lle recoñece ás Entidades Locais.

CUARTO.- Que consonte o disposto nos artigos 28, 41 da LPAP, artigo 5 da LBRL, art. 270 da LALG, e o artigo 9 do RBEL, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.

O exercicio de acción de recuperación de oficio da posesión dos bens públicos, tanto os de natureza patrimonial como os demaniais, é unha prerrogativa administrativa na defensa dos seus bens e dereitos, que se lle recoñece ás Entidade Locais, non suxeita a límite temporal puidendo ser exercitada en calquera momento, cando se trate de bens demaniais, establecéndose pola contra o prazo dun ano cando o ben obxecto da acción sexa de natureza patrimonial (art. 41 e 55 LPAP, art. 283 da LALG, artigo 82 da LRBRL, e artigo 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).

QUINTO.- Por todo o anteriormente exposto, proponse à Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, e consonte o disposto no art. 127.1.f da LRBRL, a adopción da seguinte resolución:

“1º.- Incoar expediente de recuperación de oficio da propiedade municipal nº 000800 na Avda de Castrelos nº 118, pola súa ocupación nunha superficie de 50 m2, mediante a ampliación do local en planta baixa colindante chamado GALERIA DE ARTE Y ENMARCADO.

2º.- Concederlle a entidade ARTE ALPIDE S.L. un prazo de 15 días a contar dende a notificación do presente acordo de incoación co fin de que teñan vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estimen por convenientes.

3º.- *Dar traslado da presente á Xerencia Municipal de Urbanismo, para o seu coñecemento e demais efectos..”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(168).-SOLICITUDE DE D. ROGELIO BARROS SALGUEIRO DE PECHE DA SÚA PARCELA INCLUÍNDO TERREO MUNICIPAL. EXPTE. 17422/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 18.01.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio e, que di o seguinte:

Pola entidade AQUALIA, concesionaria do servizo municipal de Abastecemento e Saneamento, achégase en data 24 de outubro de 2005, solicitude de D. Rogelio Barros Salgueiro para a autorización do peche da súa parcela, incluíndo no seu interior os terreos polos que discurre a traza de conducción do manatíal de Sobreira-Valadares, deixando en cada un dos extremos da traza unha calcela para o acceso a conducción.

Pasado a informe técnico, o Arquitecto de Patrimonio sinala en data 02.01.2006 que a franxa de 2 mts. Que solicitase pechar parcialmente foi expropiada polo Concello resultando pois da súa propiedade, estimando inapropiado o seu cerramento.

Os terreos obxecto de solicitude e polos que discurre a traza do servizo municipal de augas, son de titularidade municipal, coa natureza xurídica de bens de dominio público afectos o servizo público de saneamento e abastecemento de auga o termo municipal de Vigo, que en reximen de concesión administrativa foille outorgada a súa xestión a UTE Seragua –Focsa SA.

A titularidade pública dos terreos e o seu vencellamento os devanditos fins de servizo público, fai improcedente o interesado polo propietario colindante, xa que o peche da parcela supoñe unha incorporación, sin solución de continuidade, dos terreos municipais á finca do solicitante, resultando unha ocupación e utilización privativa do ben demanial allea ó servizo público o que destinase.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribue a Lei Reguladora das Bases de Reximen Local, no seu art. 127.1.f, a adopción do seguinte acordo:

UNICO: Denegar a D. Rogelio Barros Salgueiro a autorización solicitada para o peche da súa propiedade (na estrada da Garrida nº 110) incorporando os terreos de titularidade municipal correspondentes a traza da traida do servizo Municipal de Augas.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(169).-CESIÓN GRATUITA Á ASOCIACIÓN FOGAR DO MÚSICO DO USO DO EDIFICIO DE PROPIEDAD MUNICIPAL SITO NA RÚA MESTRES GOLDAR Nº 22. EXPTE. 6459/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Unidade de Patrimonio, do 19.01.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

1º A Asociación Confederada Autonómica “Fogar do Músico” solicitou en data 18 xaneiro do 2005 a cesión, polo Concello, do local de titularidade municipal sito na rua Mestres Goldar nº 22 de Vigo, coa finalidade do desenvolvemento dun proxecto formativo musical para nenos e xovenes, chamado “Fogar do Músico de Vigo”.

2º Pola Xefa de Servicio de Educación informase, en data 31.01.2005, favorablemente a solicitude de cesión formulada, estimadoa necesaria e conveniente os intereses municipais, e propoñendo un convenio de colaboración a asinar con a Asociación para o desenvolvemento do programa de formación musical “Fogar do Músico”.

3º Durante a instrucción do expediente emitíronse informes pola Intervención Xeral do concello en data 13 de setembro de 2005 e pola Xerencia Municipal de Urbanismo oficina de Planeamento e Xestión en data 124 de agosto do 2005, e en cumprimento do disposto no artigo 110 do Regulamento de Bens das Administracións Locais.

Fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- O concello é propietario do edificio sito na rúa Mestres Goldar nº 22, que consta de alta no Inventario Municipal de Bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmobles co código de propiedade 000026, que foi obxecto de alteración da súa natureza xurídica, desafectandoa ó servizo público educativo, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2005.

SEGUNDO.- A Asociación Confederada Autonómica “Fogar do Músico” figura inscrita no rexistro de entidades do concello de Vigo co nº 909-05 desde o 14 de marzo do 2005, segundo informa o servizo de Participación Cidadá na mesma data.

TERCEIRO.- As Entidades Locais teñen plena capacidade xurídica para a xestión e enaxenación do seu patrimonio recoñecendoselle polo regulamento xurídico a facultade de cesión gratuita do seus bens patrimoniais a Entidades ou Institucións Privadas de interese público sen ánimo de lucro, e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal. (artigo 276 da lei 5/97 da Administración local de Galicia e artigo 109 e seguintes do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais)

CUARTO.- Resulta competente para a adopción do acordo de cesión gratuita en precario do uso do devandito local, e nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido formulase, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local trala súa modificación introducida por Lei 57/2003

Polo anteriormente exposto faise a Xunta de Goberno local a seguinte proposta:...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Ceder gratuitamente e en precario, á Asociación Confederada Autonómica “Fogar do Músico”, o dereito de uso do edificio de propiedade municipal sito na rúa Mestres Goldar nº 22, con suxección as seguintes cláusulas:

- O prazo da cesión e por 5 anos, prorrogable por anualidades ata un máximo de dúas, previa solicitude da cesionaria cunha antelación de tres meses o remate do prazo inicial, requirindo o acordo expreso do Concello otorgandola.
- A entidade beneficiaria destinará o local o desenvolvemento do programa de formación musical “Fogar do Músico” e, previa autorización da Concellería de Educación, outros programas e actividades no ámbito do ensino musical que resulten de interes xeral e en beneficio dos veciños da cidade. A tal fin a entidade prexentará anualmente o orzamento de gastos e ingresos, proxecto de actividades, memoria final e balance económico das mesmas.
- A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade cívil xeral, incluíndo a responsabilidade civil por danos que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare cualquier dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506, 05 €.
- A entidade usuaria do ben non está en relación de dependentncia respecto do concello de Vigo como entidade cedente.
- Será por conta da asociación usuaria tódolos gastos de mantemento e conservación do local, así como os de subministro de auga, electricidade, teléfono e demais semellantes dos que dispoña.
- A cesión extinguirírase: polo transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada ou das suas prorrogas; pola renuncia da asociación a dita cesión, polo incuprimento dos fins e actividades para os que foi cedida, ou das condicións nas que foi outorgada; pola disolución da asociación, e pola reclamación do ben, feita polo Concello de Vigo cando por motivo de interese público municipal así o requira, e previa reclamación á entidade usuaria cunha antelación mínima de tres meses.
- Calquera obra ou mellora do local, contará co previo coñecemento da Concelleira de Educación e autorización, sen prxuicio das licencias municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos que de estas deriven. As obras e instalacións executadas revertirán integramente a administración municipal no momento que cese o uso outorgado, sen dereito a indemnización algunha.
- O Concello de Vigo, no momento en que así o determine poderá comparti-lo uso do devandito local, en igual ou menor superficie, para a realización dos fins ou servizos

públicos municipais que beneficien ós veciños da cidade, compartindo neste caso as cargas correspondentes.

- O Concello de Vigo poderá acorda-la incorporación ó uso do edificio, dalgunha outra entidade pública ou privada, cando así o solicite e o permitan as disponibilidades de superficie e sexa compatible. Neste caso o acordo de incorporación regulará as novas condicións de uso do edificio.

2º.- Someter o presente expediente a información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto no art, 110 do RBEL.

3º.- O presente acordo devendra definitivo, de non se formular alegacións no periodo de información pública, o que se acreditará coa certificación que para este efecto expida o secretario xeral .

4º.- A presente cesión formalizaráse en documento administrativo no prazo de 30 días a contar dende a súa aprobación definitiva.

16(170).-REVISIÓN DE PREZOS DA CONTRATACIÓN DO PROGRAMA EDUCATIVO “VIGO POR DENTRO”. EXPTE. 17361/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admon. Especial, do 12.01.06, conformado polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de educación do Concello de Vigo, remiten o expediente de contratación do programa educativo Vigo por dentro, para que se proceda a efectuar a revisión de prezos do contrato.

Por Resolución da Alcaldía, de data 12 de xuño de 2003, acordouse, adxudicar o lote A- Monitoraxe-, do concurso para execución do programa educativo Vigo por Dentro, a entidade Producción e Xestión Cultural, S.L., por un prezo anual de 60.000 euros/ano.

Así mesmo, tamén se acordou por medio de dita resolución, adxudicar o Lote B) Transporte, do concurso convocado para a execución de dito programa educativo, a empresa “Autocares La Florida, S.L., por un prezo anual de 75.150 euros/ano, dos que 37.125 euros corresponden ós 825 viaxes a efectuar dentro do termo municipal de Vigo, e o resto as viaxes fora do termo municipal por un prezo Km. Fora do municipio de 1,80 euros.

No prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, na cláusula II, establece que o contrato comenza o día seguinte da signatura do contrato e terá unha duración de dous anos, este prazo pode prorrogarse, previo acordo do órgano de contratación, por periodos anuais ata un máximo de dúas prorrogas.

Da lectura dos contratos administrativos firmados entre ambas as dúas partes contratantes, Concello e adxudicatarios, constatase que o contrato coa entidade Producción e Xestión Cultural, S.L., foi firmado o 21 de novembro de 2003, polo que o prazo contractual comenza a partir do 24 de novembro de 2003, e o contrato con autocares la florida firmouse o 27 de agosto de 2003, polo que o prazo fíxose a partir do 28 de agosto de 2003.

A revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VI do prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación, establecéndose na mesma, que a primeira revisión do prezo do contractual efectuarase transcorrido un ano dende a data do inicio do contrato, e recollerá a variación experimentada polo IPC no período que medie entre a data de apertura das proposicións e a data de revisión.

A primeira revisión de prezos do contrato, foi aprobada pola Xunta Local de Goberno en sesión de 27 de xuño de 2005, quedando establecido os seguintes prezos para as actividades do programa "Vigo por dentro":

- Lote A.- Monitoraxe, adxudicado a entidade "Producción e Xestión Cultural, S.L.", sendo o prezo revisado a partir de novembro de 2004 o de 62.760 euros/ano ata novembro de 2005.

- Lote B.- Transporte, adxudicado a empresa "Autocares la Florida, S.L.", por un prezo anual de 77.479,65 euros/ano, manténdose as mesmas proporcións cás da adxudicación en canto as viaxes dentro do municipio, asignándoselle a cantidade de 38.832,75 euros/ano, e o prezo Km. fora do termo municipal fixado en 1,88 euros, a partir de agosto de 2004 e ata agosto de 2005.

Para proceder a segunda revisión do prezo contractual, deberáselle aplicar a cada unha das contratacións anteriormente citadas, o incremento do IPC do período novembro/2005/novembro de 2005 (3,4%), no caso do Monitoraxe, e o incrementado IPC do período agosto 2004 a agosto 2005 (3,3%), no caso da actividade de transporte, unhas veces realizados os cálculos pertinentes obtemos o prezo revisado do contrato que se contén na proposta do presente informe.

Polo exposto anteriormente, propónse a Xunta Local de Goberno, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a revisión do prezo do contrato, do programa educativo Vigo por dentro, adxudicado por resolución da Alcaldía deste Concello, en data 12 de xuño de 2003, as empresas: Producción e Xestión cultural, S.L. o Lote A) Monitoraxe, e a empresa "Transportes la Florida, S.L." o lote B) Transporte, quedando fixado nos seguintes importes:

- Lote A.- Monitoraxe, adxudicado a entidade "Producción e Xestión Cultural, S.L.", sendo o prezo revisado o de 64.893,84 euros/ano, a partir do 21 de novembro de 2005 ata novembro de 2006.

- Lote B.- Transporte, adxudicado a empresa "Autocares la Florida, S.L.", por un prezo anual de 80.036,48 euros/ano, manténdose as mesmas proporcións cás da adxudicación en canto as viaxes dentro do municipio, asignándoselle a cantidade de 39.538,98 euros/ano; e o prezo Km. Fora do termo municipal fixado en 1,92 euros, a partir do 28 de agosto de 2005 ata agosto 2006.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(171).-DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS A NECSO ENTRECANALES CUBIERTAS, S.A. POLAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO MARCO EXPTE. 853/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de intervención e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 02.02.06, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a NECSO Entrecarteles Cubiertas S.A., as fianzas de 321.093,19 €, 9.485,23 € e 3.433,49 €, constituídas para responder das obras de construción do MARCO, xa que as obras foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

18(172).-RECLAMACIÓN DE D. FRANCISCO MEIZOSO MEIZOSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 536/243. RESPONSABLE CESPA S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Don Francisco Meizoso Meizoso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de marzo de 2005, no que expón que o día 19 de decembro de 2004 o seu vehículo, con matrícula 3969-CPM, estando estacionado na rúa Rosalía de Castro, á altura do número 52, sufriu danos materiais por culpa da caída dunha póla sobre o mesmo, danos que son valorados en 203,38 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte da Policía Local, con data 19/12/2004, no que os axentes actuantes informan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Meizoso relátalles o accidente; así mesmo comprobán a existencia da póla, aínda colgando da árbore, que fora cortada polo servizo de Bombeiros, e dos danos no vehículo do Sr. Meizoso (teito e portón traseiro).*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 07/04/2005, no que manifestan que dos danos debe responder a empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, Cespa. S.A.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de 12/04/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 52/05 de Talleres Serama, por un valor de 203,38 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Informe do servizo de Bombeiros, de data 18/04/2005, que confirman a súa intervención no lugar dos feitos, cortando unha póla que se atopaba colgada da árbore e a depositaron na beirarrúa.*
- *Evacúase trámite de audiencia a concesionaria Cespa, que formula alegacións con data 11/05/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 29/06/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

No expediente, do oficio instruído pola Policía Local con ocasión do accidente, dedúcese que a causa eficiente dos danos do vehículo do Sr. Meizoso, foi a caída dunha pola dunha árbore sobre o mesmo.

O punto 4.1.1 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que o adxudicatario atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos labores de tratamento fitosanitario, e segundo a sentenza dictada pola sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004044/2000 a labor fitosanitaria engloba dentro das responsabilidades da concesionaria a labor de conservación do arbolado en termos xerais e en concreto a súa vixilancia, polo que existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade dos danos que motivan a presente reclamación pode ser imputada a Cespa, na súa calidade de contratista do Concello e encargada da conservación e mantemento das zonas verdes, xa que o accidente debeuse a caída dunha árbore sobre a vía pública, causándolle danos ó vehículo do Sr. Araújo que atopábase aparcado na mesma.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar tódolos danos e perxuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Legislativo 2/2000.

Por tódolo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Francisco Meizoso Meizoso.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a a Cespa S.A., empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, debendo dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 203,38 euros, correspondentes ó valor de reparación do seu vehículo”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(173).-RECLAMACIÓN DE D^a. CARMEN MOURIÑO ESPERÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16459/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Mouriño Esperón presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de agosto de 2003, no que expón que o día 06 de agosto de 2003, mentres camiñaba pola rúa Progreso, á altura do nº 9, caeu por mor dunha tapa de rexistro da rede de subministración de auga que se atopaba rota, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga, de data 12/11/2003.*
- *Parte de servizo da Policía Local, de data 06/08/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, tras teren recibido unha chamada da Sra. Mouriño relatándolles o accidente, comprobaban que a tapa do sumidoiro atopábase rota.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 740,15 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Aqualia, que formula alegacións con data 14/11/2005.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsable do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Os axentes da Policía Local, tal e como fan constar no Parte do servizo, acoden ó lugar dos feitos con posterioridade ó accidente, a instancia da Sra. Mouriño que telefonicamente relátalles que caeu na rúa Progreso por mor dun sumidoiro coa tapa rota, ciucunstancia que verifican que é certa, pero non presenciaron a caída. Da presentación do parte de asistencia médica no Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Xeral Cíes, dedúcese que a Sra. Rodríguez sufriu determinados danos, pero non demostra en modo ningún, nin o feito da caída, nin o lugar da mesma. Dado que non existen testemuñas presenciais do accidente, a informante estima que a reclamante

non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e resulta imposíbel vincularlos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por dona Carmen Mouriño Esperón por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(174).-RECLAMACIÓN DE D^a. GRACIELA RODRÍGUEZ VILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16501/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Graciela Rodríguez Vila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de xuño de 2003, no que expón que o día 02 de xuño de 2003, mentres camiñaba pola rúa López Mora, diante da cafetería Las Pirámides, caeu por tropezar nun oco da beirarrúa ó que faltaba unha baldosa, producíndose danos tanto de carácter físico como material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 02/06/2003, no que os axentes actuantes manifestan que a Sra. Rodríguez relatáralles o accidente que tivera; así mesmo, persoados no lugar dos feitos, comprobaban a existencia da focha na beirarrúa.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de outubro de 2003, no que manifestan que na actuación de reparación de beirarrúas do anterior mes de agosto, reparouse o desperfecto onde ocorreu o accidente.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 08/04/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Os axentes da Policía Local, tal e como fan constar no Parte do servizo, acoden ó lugar dos feitos con posterioridade ó accidente, a instancia da Sra. Rodríguez, e efectivamente comprobán a existencia dunha focha na beirarrúa no lugar onde esta manifesta ter acontecido, pero non presenciaron a mesma, e postos en contacto coas presuntas testemuñas presenciais estas relátanlles que viron como a reclamante queixábase dunha perna, pero non presenciaron a caída. Da presentación do parte de asistencia médica no Servizo de Urgencias da clínica POVISA dedúcese que a Sra. Rodríguez sufriu determinados danos, pero non demostra en modo ningún, nin o feito da caída, nin o lugar da mesma. Dado que non existen testemuñas presenciais do accidente, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e resulta imposíbel vincularlos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de dona Graciela Rodríguez Vila por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(175).-RECLAMACIÓN DE D. DIONISIO ESTÉVEZ OTERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 466/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Dionisio Estévez Otero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de xaneiro de 2005 no que expón que o día 24 de decembro de 2004, ó circular co vehículo de súa propiedade, con matrícula 6966-BFP, polo túnel da Gran Vía, baixo á praza de España, colisionou cunha pedra procedente dos xardíns que se atopaba no medio da vía sen ningún tipo de sinalización, polo que sufriu danos materiais que cuantifica en 122,38 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte da Policía Local, con data 24/12/2004, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos ó lugar do accidente ás 08:30 horas e comprobaron como un bordo dos xardíns se atopaba roto e invadía a calzada, polo que procederon a dar aviso ó departamento de Vías e Obras para o seu arranxo; posteriormente, ás 09:00 horas, volveron ó lugar requeridos pola chamada do Sr. Estévez, que lles comunica que rompera a roda do seu vehículo ó golpear contra o obstáculo; así mesmo comprobaban os danos no vehículo (roda reventada e llanta crocada).*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 03/03/2005, no que indican que dos posíbeis danos deberá responder a empresa concesionaria Cespa.*
- Informe do Parque Móbil, de 09/03/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 594 de Neumáticos Aragón, presentada polo reclamante, por un importe de 122,38 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa concesionaria Cespa, que formula alegacións con data 12/04/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 15/04/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa productivo de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatarase que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o accidente, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas oculares do mesmo e aínda que poden acreditar que o vehículo do Sr. Estévez presentaba determinados danos, e da existencia de un ladrillo roto na calzada a súa chegada, no entanto, non poden dar fe de que a causa do accidente fose a presenza deste ladrillo na calzada, posto que descoñecen a ubicación do mesmo con anterioridade a súa chegada ó lugar do accidente, e non existe ningunha testemuña presencial do mesmo que poda acreditar este extremo. Hemos de concluír, que se ben non existe dúbida de que o reclamante sufriu danos no seu vehículo, pola contra, non existe proba ningunha que permita vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de don Dionisio Estévez Otero por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(176).-RECLAMACIÓN DE D^a. HERMINIA PÉREZ-SALGADO DÍAZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15942/240. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Herminia Pérez-Salgado Díaz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 01 de abril de 2003, manifestando que o día 26 de decembro de 2002 a Sra. Elena Sabell Pérez-Salgado circulaba co vehículo de propiedade da reclamante, matrícula PO-3722-AH, pola avenida de Beiramar e, á altura do estaleiro Hijos de J. Barreras, introduciu unha das rodas do mesmo nun sumidoiro cuxa tapa desprazárase de sitio, o que lle provocou danos ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 26/12/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Sabell relátalles que producira danos nos baixos do vehículo ó introducir unha das rodas no sumidoiro cuxa tapa saltara do seu lugar; comprobando os axentes tanto a existencia de tales danos como o feito de que a tapa do sumidoiro atopábase desprazada 15 metros da súa ubicación, procedendo a recolocar a mesma.*
- Informe da empresa concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, U.T.E. Aqualia-FCC, con data 18/02/2004.*
- Informe do Parque Móbil, de 07/10/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 524 de Talleres Vigauto C.B, por un importe de 115,42 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuase trámite de audiencia a reclamante, que formula alegacións con data 14/12/2004.*
- Evacuase trámite de audiencia á concesionaria, en data 29 de decembro de 2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

d) Que non sexa producto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. A vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente produciuse debido á existencia dunha arqueta destapada, tal e como se establece no Parte do servizo da Policía Local.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª Herminia Pérez-Salgado Díaz.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 115,42 euros, correspondentes ó valor de reparación do seu vehículo”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(177).-RECLAMACIÓN DE D^a. M^a CARMEN OTERO MALVAR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 172/243. RESPONSABLE UTE ELOYMAR/TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Carmen Otero Malvar presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de maio de 2004, no que expón que o día 10 de marzo de 2004, mentres camiñaba pola rúa Manuel Núñez, sufriu unha caída á altura do número 3 por mor dos desperfectos existentes na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte da Policía local, con data 11/03/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos requeridos polo marido da Sra. Otero ó día seguinte, este lles relatou que o día anterior a súa esposa tivera un accidente na beirarrúa por mor da falta de lousas e produciuse danos de carácter físicos; así mesmo comprobaban a ausencia de lousas no lugar indicado polo requirente.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data agosto de 2004, no que manifestan que a zona onde se produciu a caída se atopa en malas condicións a causa das obras de construción do aparcadoiro de Urzaiz e que a empresa que realizaba as devanditas obras foi Dragados.*
- Informe da construtora Dragados, con data 23/11/2004.*
- Proba testifical ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Otero.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de 20/01/2005, que corroboran que o lugar do accidente estaba afectado polas obras de construción do aparcadoiro de Urzáiz, obras promovidas pola U.T.E Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo e executadas por Dragados.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.628,43 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo, que formula alegacións o 11/03/2005.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante con data 19/04/2005, que formula non alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A caída da Sra. Otero, tal e como manifesta a testemuña presencial dos feitos, prodúcese por mor da existencia dunha focha na beirarrúa por mor da falta de sete ou oito lousetas, que non podía apreciarse ó estar cuberta de auga. A beirarrúa atopábase en mal estado de conservación a consecuencia das obras de construción do aparcadoiro subterráneo da rúa Úrzaiz, obras das que era titular a Unión de empresas Tranvías Eléctricos de Vigo S.A – Eloymar S.A, na súa calidade de titular da concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación do devandito aparcadoiro, en virtude de acordo plenario de data 15 de abril de 1999.

O Prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación dos aparcadoiros subterráneos para vehículos no subsolo da rúa Úrzaiz e na Praza da Independencia, na cláusula XII.2.c) establece como obriga do concesionario “Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas polo concesionario ou polo seu persoal, con ocasión de obras ou traballos obxecto de construción de aparcamento e dos derivados da explotación, ou a propia Administración municipal ...”. Así mesmo, os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirásese á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona María del Carmen Otero Malvar.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo, empresa concesionaria da construción e explotación do aparcadoiro da rúa Urzáiz, de conformidade co establecido na cláusula XII.2.c) do prego de condicións administrativas particulares que rexe a devandita concesión, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 3.628,43 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(178).-RECLAMACIÓN DE Dª ELISA PÉREZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 289/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Elisa Pérez González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de agosto de 2004, no que expón que o día 02 de agosto de 2004, mentres camiñaba pola rúa Colombia, á altura do número 1, sufriu unha caída por mor dunha baldosa levantada, producíndose unha serie de danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 02/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán o mal estado das lousas, considerando que este pode dar lugar a caídas.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 11/11/2004, no que manifestan que o lugar do accidente é visíbel a larga distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- Proba testifical á testemuña proposta polo reclamante, con data 12/01/2005, que confirma a caída da Sra. Pérez.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.280,41 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 23/02/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa, mais tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte ó informe do Servizo de Vías e Obras e a declaración da testemuña presencial que manifesta que na beirarrúa había “dos baldosas levantadas y eran visibles a distancia porque estaban bastante levantadas, yo las veía desde la ventana de mi casa y vivo en un quinto piso”. Ó ser o obstáculo perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación, podemos concluir que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Elisa Pérez González por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(179).- RECLAMACIÓN DE D. FÉLIX HOMBRÍA GESTOSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 120/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Félix Hombría Gestoso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de marzo de 2004, no que expón que o día 19 de decembro de 2003, mentres camiñaba pola rúa Regueiro, en dirección á rúa Isaac Díaz Pardo, sufriu unha caída ó introducir a perna nunha focha, debido á inexistencia de beirarrúa e á escasa iluminación, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/05/2004, manifestando que segundo as fotos achegadas polo reclamante, realizábanse obras de canalización para a empresa R no lugar onde se accidentou o Sr. Hombría.*
- Informe do servizo de Electromecánicos, de data 19/07/2004, no que manifestan que a iluminación da vía onde ocorreu o accidente considérase suficiente para o tipo de vial en cuestión.*
- Informe da empresa R Cable y Telecomunicaciones, S.A., con data 16/09/2004.*
- Práctica de proba testifical, con data 09/12/2004, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Hombría.*
- Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, con data 30/08/2005, no que indican que na data do accidente existía un paso de peóns na rúa Regueiro, xunto á confluencia coa Gran Vía.*
- Evacuáase trámite de audiencia á reclamante, con data 12/07/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente a existencia dunha arqueta de canalización de R na calzada, que é perfectamente visíbel en circunstancias normais de tránsito. Esta arqueta, ó estar situada na calzada, non supón un perigo para os peóns xa que a calzada non é un sitio habilitado para o tránsito de viandantes, consonte o disposto polo artigo 121 do Real Decreto 1428/2003 que aproba o Regulamento Xeral de Circulación “os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicabel”. É regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada. A responsabilidade da administración, neste caso, vese solapada pola falta de dilixencia do reclamante, que circulaba por un sitio non habilitado para a circulación dos viandantes. É de supor, ademais, que ó estar cruzando por un sitio destinado á circulación de vehículos o Sr. Hombría debeu extremar aínda máis a súa precaución e a súa dilixencia no control da deambulación, tal e como existe o artigo 124 do regulamento citado. O reclamante aduce como xustificación da súa circulación pola calzada que “la iluminación da vía era tan mala que optó por transitar por la calzada”. No entanto, segundo o informe do servizo de Electromecánicos, de data 19/07/2004, a iluminación da vía onde ocorreu o accidente considérase suficiente para o tipo de vial en cuestión. Dado que a negligencia da vítima, que circulaba por una zona non habilitada para os peóns, interferiu no nexo causal, non é posíbel vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal, polo que esta Administración non deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de don Félix Hombría Gestoso, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(180).-RECLAMACIÓN DE D^a. M^a ISABEL RODRÍGUEZ MUÑOZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 580/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Isabel Rodríguez Muñoz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de abril de 2005, no que expón que o día 15 de abril de 2005, camiñando pola rúa Urzáiz, á altura da baixada da estación, tivo unha caída no oco que deixara unha árbore talada, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 19/05/2005, no que manifestan que danos debe responder a concesionaria de conservación de zonas verdes, Cespa, S.A.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións con data 11/10/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 12/07/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como

consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos. Achega unha declaración xurada dunha presunta testemuña sobre os feitos, pero a mesma, tras ser convenientemente citada por esta Administración non compareceu a adxurar a súa declaración, polo que esta ó non poder probarse a súa autenticidade carece de valor probatorio.

A Sra. Rodríguez límitase a achegar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

No entanto, aínda que resultare probado o feito da caída na vía pública e no lugar manifestado pola reclamante, resulta que se trata dun alcorque no que fallaba a árbore, mais o mesmo é de terra e tiña un tocón, polo que se diferencia perfectamente do resto da beirarrúa, cuberta por lousetas. Ó ser o alcorque unha zona non apta para a circulación de peóns resultaría que a negligencia da vítima, co seu defectuoso control da propia deambulación, interferiu no nexo causal, impedindo vincular a responsabilidade dos danos padecidos ó Concello.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. María del Carmen Martín Hernández por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(181).-RECLAMACIÓN DE D. HUGO GÓMEZ STIFFANO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 482/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Hugo Gómez Stiffano presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2005, no que expón que o día 18 de xaneiro de 2005, camiñando pola rúa Urzáiz, tivo unha caída, producíndose danos tanto de carácter físico como material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 18/01/2005, no que os axentes actuantes manifestan que se persoaron no lugar dos feitos, a requerimento dunha testemuña que lles relata que o Sr. Gómez tivera unha caída; así mesmo, comprobán que o Sr. Gómez sangraba abundantemente polo nariz e pola cara e que foi levado ó Centro Médico Povisa por unha ambulancia.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 31/03/2005, no que manifestan que se descoñece a situación do lugar no momento do accidente mais que daquela a zona atopábase en obras pola construción do aparcadoiro de Urzáiz, cuxa contratista foi a empresa Dragados.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 866,77 euros.
- Evacuase trámite de audiencia á U.T.E. Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, concesionaria para a construción do aparcadoiro da rúa Urzáiz, que formula alegacións con data 31/08/2005.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 11/08/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsable do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste

deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Neste sentido, resulta probado o feito da caída do Sr. Gómez na vía pública e os danos que sufriu por mor da mesma, mais non existen indicios no expediente da existencia de defectos na beirarrúa que poideran ser a causa do accidente. No parte da Policía Local non se fai constar a existencia de ningún obstáculo para os peóns na mesma e o reclamante non presenta testemuñas presenciais dos feitos que puidesen corroborar este extremo. O instructor, en cumprimento da súa obriga de realizar de oficio os actos necesarios para o esclarecemento dos feitos, dirixiuse ó Servizo de Vías e Obras por se puidesen ter constancia do estado da beirarrúa no momento do accidente, no entanto este servizo descoñece este extremo, polo que hemos de concluír que non é posíbel apreciar relación de causalidade entre os danos padecidos polo Sr. Gómez e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Hugo Gómez Stiffano por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público local”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(182).-RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ JOAQUÍN MONTERO SOBRADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 400/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

A compañía aseguradora Mapfre Mutualidad presenta reclamación de responsabilidade patrimonial a nome de D. José Joaquín Montero Sobrado, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08 de novembro de 2004, no que expón que o día 24 de setembro de 2004, o Sr. Montero, circulando co vehículo de súa propiedade, matrícula 7826-CXM, tivo un accidente por mor dunha focha existente na vía sen ningún tipo de sinalización, producíndose danos materiais, valorados en 351,38 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 27/04/2005, que afirman non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informes do servizo de Vías e Obras, con data 02/05 e 05/07/2005, que manifestan que a focha en cuestión atópase no foxo e trátase dunha boca de condución de augas pluviais que se atopa desprovista da correspondente tapa ou reixa, non habendo constancia de que existise ningunha sinalización da focha.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 21/07/2005, manifestando que os prezos contidos no informe pericial e Mapfre Mutualidad de Seguros por un valor de 351,38 euros son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á empresa concesionaria do servizo de abastecemento, U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 07/11/2005.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 26/08/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de

instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que o reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos.

O Sr. Montero limitáase a achegar diversas fotografías do lugar dos presuntos feitos e a factura de reparación do seu vehículo que proba que este sufriu determinados danos, pero non demostran nin onde nin a causa dos mesmos, polo que a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Joaquín Montero Sobrado por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(183).-RECLAMACIÓN DE D. MANUEL GRANDE SALGADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 331/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Grande Salgado presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de setembro de 2004, no que expón que o día 17 de setembro de 2004, circulando polo túnel da praza de España, en dirección á praza América, co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-3234-BS, tivo un accidente ó levantarse un cascote de formigón dunha acometida de augas que golpeou os baixos do vehículo, producíndose danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 17/09/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos a requerimento do Sr. Grande, este relatoulles os feitos ocorridos; así mesmo, comprobaban a existencia dunha pedra na calzada, xunto ó bordo, que posibelmente saíra da zona da reixa.*
- *Informe do sevizo de Vías e Obras, de data 11/01/2005, no que informan que o desperfecto da calzada corresponde a un corpo de formigón dunha reixa de recollida de augas, cuxo mantemento corresponde á concesionaria Aqualia.*

- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 08/02/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº TD/6310/2004 de Salfer por un valor de 1.983,70 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacuáase trámite de audiencia á empresa concesionaria do servizo de abastecemento, U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 19/10/2005.
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 04/04/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatar-se que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o accidente, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas oculares do mesmo e aínda que poden acreditar que o vehículo do Sr. León presentaba determinados danos, e da existencia de un trozo de formigón na calzada a súa chegada que puidese terse desprendido da reixa do sumidoiro, no entanto, non poden dar fe de que a causa do accidente fose a presenza desta pedra na calzada, posto que descoñecen a ubicación da mesma con anterioridade a súa chegada ó lugar do accidente, e non existe ningunha testemuña presencial do mesmo que poida acreditar este extremo. Hemos de concluír, que se ben non existe dúbida de que o reclamante sufriu danos no seu vehículo, pola contra, non existe proba ningunha que permita vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de don Manuel Grande Salgado por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(184).-RECLAMACIÓN DE D^a. EMILIA GÓMEZ DA SILVA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 327/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Emilia Gómez Dasilva presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de setembro de 2004, no que expón que o día 08 de setembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, sufriu unha caída, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 08/09/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no cruce das rúas Urzáiz e Cervantes, dous efectivos do CNP relátanlles que a Sra. Gómez fora trasladada ó Hospital Xeral; así mesmo, comprobán que o asfalto se atopa levantado.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 12/01/2005, no que manifestan que no lugar do accidente realizábanse obras para o aparcadoiro da rúa Urzáiz por parte da empresa Dragados y Construcciones.*
- *Informe da empresa construtora Dragados y Construcciones, con data 22/02/2005.*
- *Proba testifical, con data 29/04/2006, á testemuña proposta pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á empresa construtora Dragados y Construcciones, que formula alegacións con data 28/06/2005.*

- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que efectúa alegacións con data 03/08/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o defectuoso estado do firme da calzada por mor das obras do aparcadoiro da rúa Úrzaiz. No entanto, esta circunstancia non supón un perigo para os peóns xa que a calzada non é un sitio habilitado para o tránsito de viandantes, consonte o disposto polo artigo 121 do Real Decreto 1428/2003 que aproba o Regulamento Xeral de Circulación “os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicabel”. É regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada. A responsabilidade da administración, neste caso, vese solapada pola falta de dilixencia da reclamante, que cruzou a calzada non polo paso de peóns senón un pouco máis arriba, por un sitio non habilitado para a circulación dos viandantes.

Polas circunstancias conxorrentes no feito, xa que era de día e había boa visibilidade, o deficiente estado da calzada debeu ser advertido pola reclamante, que é unha persoa e, á vista da documentación obrante no expediente, carente de defectos físicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección do mencionado obstáculo, e tendo en conta que a reclamante circulaba pola calzada, a informante estima que a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de Dona Emilia Gómez Dasilva, por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(185).-RECLAMACIÓN DE D^a. ANA MARÍA PINZÁS SILVA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 145/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2 de febreiro de 2006, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Ana María Pinzás Silva presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de abril de 2004, no que expón que, mentres camiñaba pola rúa Areal, á altura da comandancia de mariña, sufriu unha caída por mor dunhas baldosas levantadas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Inventario municipal, con data 16/06/2004, no que manifestan que o lugar do accidente non consta como de titularidade municipal.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 06/07/2004, no que manifestan que a zona é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 14/09/2004, no que manifestan que o mantemento das beirarrúas da rúa Areal non é competencia deste departamento.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 24/11/2004, no que manifestan que este Concello vén realizando o mantemento das beirarrúas de Areal.*
- Proba testifical ás testemuñas propostas pola reclamante, con data 09/02/2005, que confirman os extremos alegados pola Sra. Pinzás.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.679,94 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 20/04/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa, máis tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non trátase dun defecto oculto, consonte ó informe do Servizo de Vías e Obras, do que se deduce que era perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón. Se ademáis temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos padecidos o funcionamento do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Ana María Pinzás Silva por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(186).-ALUGUER LOCAL NA RÚA REAL, Nº 10, BAIXO, PARA A CASA DO CESTEIRO PARA O ANO 2006. EXPTE.03218/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de xestión de Patrimonio Histórico e a proposta da xefa de dito Servizo, do 16.01.06, co intervido e conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o aluguer polo Concello de Vigo, mediante o procedemento de contratación directa, do local situado na planta baixa do edificio sinalado co nº 10 da rúa Real desta cidade, do que son propietarios D. Santiago Jesús Luís Portela Buján, co NIF 35.960.844-E, e D. Carlos Portela Buján, co NIF 35.957.809-T, para continuar co establecemento nel da “Casa do Cesteiro”, iniciativa que iniciouse dentro do Programa URBAN de recuperación e fomento da cestería popular, e que vén localizándose nel dende o ano 1998. As condicións esenciais deste contrato son as que seguen: A duración do contrato será de un ano, dende o 01/01/2006 ata o 31/12/2006 e o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade é de 949,80 euros/mes (IVE incluído). O gasto poderá facerse con cargo á partida 4531.2020000.

33(187).-ANTICIPO DE FONDOS LÍQUIDOS Á MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO CONTA CON ELAS. EXPTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro, do 20.01.06, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

Examinado o escrito presentado polo Xerente da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, mediante o que solicita, en execución do acordo adoptado polo Pleno da citada Mancomunidade na súa sesión ordinaria de data 28 de decembro de 2005, que o Concello de Vigo adopte, por parte do órgano competente, un acordo no sentido de conceder á Mancomunidade un anticipo dos fondos líquidos necesarios para a execución do proxecto Conta con Elas, mediante o establecemento dunha liña de anticipo de fondos líquidos con un montante máximo total de 1.400.000,00 €, na que as disposicións parciais de fondos se acomodarán á execución das distintas accións do proxecto, procedéndose ó reintegro das cantidades dispostas a medida que se produzan as xustificacións e abonos dos gastos elixibles pola Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, e se estenderán durante o período de execución das accións do proxecto e a fase posterior de peche e liquidación definitiva do devandito proxecto, que abrangue ata o 30 de xuño de 2009.

Como consecuencia do anterior, esta tesourería emite o seguinte informe:

A Subdirección Xeral da Unidade Administradora do FSE acordou aprobar a participación do proxecto Conta con Elas no programa da Iniciativa Comunitaria Equal concedendo unha axuda do FSE de 2.035.124,88 €, sobre un custo total máximo de 2.713.499,84 €.

O 25% da financiamento restante (678.374,96 €) será aportada polas entidades participantes da Agrupación de Desenvolvemento constituída ó efecto, asumindo a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo a condición de entidade representante ante a Autoridade de Xestión e Pagadora (UAFSE), así como as tarefas de control e xestión. A achega da Mancomunidade á cofinanciación é de 508.781,22 €. O Concello de Vigo aportará o 69,96% de dita cantidade (355.943,34 €).

O procedemento para o abono da axuda comunitaria derivada dos gastos relativos á execución das accións enmarcadas no citado proxecto consistirá no reembolso dos gastos certificados, que haberán de ser gastos elixibles efectivamente realizados e pagados que deberán xustificarse mediante facturas orixinais pagadas ou mediante documentos contables de valor probatorio equivalente.

No suposto que nos ocupa, a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo solicita do Concello de Vigo o establecemento dunha liña de anticipo de fondos líquidos con un montante máximo total de 1.400.000,00 euros para proceder a execución do proxecto Conta con Elas.

Esta solicitude ten a súa xustificación na necesidade de obter a liquidez precisa para salvar a significativa diferenza existente entre a achega dos municipios integrantes da Mancomunidade á cofinanciación, 508.781,22 €, e o custo total da execución, 2.713.499,84 €, tendo en conta que o mecanismo de execución do proxecto esixe que a entidade que asuma as tarefas de xestión teña que obter os fondos líquidos precisos para realizar o pago anticipado correspondente ós gastos elixibles, co obxecto de obter o posterior reembolso dos gastos certificados.

Polo que respecta ó importe solicitado, este non supera o importe que correspondería aportar ó Concello de Vigo sobre o custo total do proxecto, no suposto de considerar a porcentaxe que representa a achega do Concello no total da financiamento correspondente á Mancomunidade (69,96%), tendo en conta a súa vez, que a financiación da Mancomunidade representa o 75% da financiamento aportada pola Agrupación de Desenvolvemento ($2.713.499,84 \text{ €} * 75\% * 69,96\% = 1.423.773,37\text{€}$).

Polo exposto, proponse, salvo mellor criterio, a concesión á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, dun anticipo dos fondos líquidos necesarios para a execución do proxecto Conta con Elas, nas seguintes condicións:

- *Instrumentación:* O anticipo instrumentarase mediante o establecemento dunha liña permanente de anticipo de fondos, de xeito semellante a unha liña de crédito, de xeito que se cumprirá a igualdade seguinte:

$$\text{Importe máximo da operación} = \text{Importe disposto} + \text{Importe dispoñible.}$$

- *Importe:* O importe ou límite máximo da operación fíxase en 1.400.000,00 euros.
- *Finalidade:* A finalidade da operación será, exclusivamente, financiar os déficits de liquidez orixinados como consecuencia da execución do proxecto Conta con Elas, de xeito que as disposicións de fondos se acomodarán á execución das distintas accións do proxecto.
- *Solicitudes de fondos:* As solicitudes de provisión de fondos se efectuarán mediante escrito da Xerencia da Mancomunidade no que se xustificarán os extremos seguintes:
 - Insuficiencia de fondos líquidos procedentes de calquera outra fonte de financiamento, incluso recursos propios, que virá conformado pola tesourería da Mancomunidade,
 - Relación individualizada dos gastos para os que se solicita o anticipo, e

- *Situación do anticipo, no que se detallarán os Importes dispostos, Importes reembolsados, Importe dispoñible, e dentro dos dispostos os importes xustificados e os pendentes de xustificación.*
- *Reposicións de fondos: Procederase ó reintegro das cantidades dispostas a medida que se produza o aboamento da axuda comunitaria consistente no reembolso dos gastos efectivamente pagados e certificados.*
- *Duración: A duración do anticipo poderá estenderse ata o peche e liquidación definitiva do proxecto.*
- *Control: A Tesourería e a Intervención do Concello de Vigo poderán en calquera momento solicitar a información que estimen oportuna sobre o anticipo, así como efectuar as comprobacións que estimen pertinentes.*

Acordo

A Xunta de Goberno local de acordo co precedente informe, acorda:

Conceder á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, un anticipo dos fondos líquidos necesarios para a execución do proxecto Conta con Elas, nas seguintes condicións:

- **Instrumentación:** O anticipo instrumentarase mediante o establecemento dunha liña permanente de anticipo de fondos, de xeito semellante a unha liña de crédito, de xeito que se cumprirá a igualdade seguinte:

Importe máximo da operación = Importe disposto + Importe dispoñible.

- **Importe:** O importe ou límite máximo da operación fíxase en 1.400.000,00 euros.
- **Finalidade:** A finalidade da operación será, exclusivamente, financiar os déficits de liquidez orixinados como consecuencia da execución do proxecto Conta con Elas, de xeito que as disposicións de fondos se acomodarán á execución das distintas accións do proxecto.
- **Solicitudes de fondos:** As solicitudes de provisión de fondos se efectuarán mediante escrito da Xerencia da Mancomunidade no que se xustificarán os extremos seguintes:
 - Insuficiencia de fondos líquidos procedentes de calquera outra fonte de financiamento, incluso recursos propios, que virá conformado pola tesourería da Mancomunidade,
 - Relación individualizada dos gastos para os que se solicita o anticipo, e
 - Situación do anticipo, no que se detallarán os Importes dispostos, Importes reembolsados, Importe dispoñible, e dentro dos dispostos os importes xustificados e os pendentes de xustificación.
- **Reposicións de fondos:** Procederase ó reintegro das cantidades dispostas a medida que se produza o aboamento da axuda comunitaria consistente no reembolso dos gastos efectivamente pagados e certificados.

- Duración: A duración do anticipo poderá estenderse ata o peche e liquidación definitiva do proxecto.
- Control: A Tesourería e a Intervención do Concello de Vigo poderán en calquera momento solicitar a información que estimen oportuna sobre o anticipo, así como efectuar as comprobacións que estimen pertinentes.

34(188).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.A. V-E DO PERI IV-05 ARAGÓN –TRAVESÍA DE VIGO-ARAGÓN. EXPTE.4567/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 26.01.06, que di o seguinte:

FEITOS

1.- O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29/04/1993, delimitou entre as rúas Travesía de Vigo e Aragón un ámbito de solo urbano non consolidado remitido ao PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón". Dito plan especial aprobouse definitivamente no 23/12/1993.

En data 29/11/2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da "UA V-E" dese PERI, promovido por "Basisa CB", redactado polos arquitectos D. Eduardo Guillén Vázquez, D. Lorenzo Mateos Cortes e D. José Agustín Llopiz Pereiro, visado polo COAG en datas 19/07/2004 (Memoria e plano 9R) e 25/02/2004 (resto dos planos), -expte. 8913/411, BOP núm. 2, do 04/01/2005 e DOG 14 do 21/01/2005-.

Dito acordo foi impugnado pola entidade mercantil "Cologa Vigo, SL" perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso cont.-ad. 2/4066/2005, actualmente en tramitación.

2.- No día 02/12/2004 O representante de "Basisa CB" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de aprobación do Proxecto de Urbanización dese polígono. Dita solicitude e documentación inicial foi completada -previo requirimento dos servizos municipais- por outra posterior presentada no día 20/05/2005.

En data 09/05/2005 o enxeñeiro técnico agrícola da oficina municipal de "Montes, parques e xardíns" emitiu Informe favorable. No día 02/06/2005 o enxeñeiro industrial da oficina municipal de Servizos Electro-Mecánicos emitiu Informe sobre as redes de gas e alumeadado público do proxecto.

No 21/06/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable. Nél manifestou, entoutros extremos, o seguinte:

"A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad 79.025,59 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100 % a la aprobación definitiva. Según las determinaciones del PERI IV-05 Travesía de Vigo-Aragón, esta U.E. responde de la construcción del vial sur, en un 1,30%, teniendo que aportar para ello un aval de 3.859,51 euros. El Proyecto consiste fundamentalmente en ordenar las zonas peatonales que circundan el edificio proyectado, conectando entre si las que resultan en el desarrollo de las unidades colindantes, la V-D, y la V-F, crear el acceso a los garajes desde la calle Aragón, y contribuir al ensanche del camino de Pinelas en su contacto con esta Unidad de Ejecución. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales. El ámbito de este Proyecto, está recogido en el nuevo PGOM en tramitación, como API-07. El Proyecto

cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad, capítulo en el que hay que señalar los insalvables desniveles que se presentan en estas unidades de ejecución. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Área de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección Técnica de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal, un Plan de Control de Calidad, y aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas y al mencionado control de calidad.. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará al Coordinador del Área de Servicios, y a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones Telefónica y R".

No 18/08/2005 o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento emitiu informe xurídico ó respecto.

3.- En data 19/09/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización. A continuación abríuse un período de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP núm. 191, do 04/10/2005 e no diario "Faro de Vigo" do 30/09/2005, así como notificación individualizada ós interesados e entidades concesionarias de servicios públicos.

Durante dito período non se presentou ningún escrito de alegacións.

4.- No 16/12/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono e o proxecto de equidistribución, que fora formalizado en escritura pública no 27/07/2005 perante o notario de Vigo D. Jaime Romero Costas, co núm. 1425 do seu protocolo (expte. 4605/401).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Este procedemento tramitouse consonte co disposto no art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

II.- Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

III.- De conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93, no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 79.025,59 euros.

Asemade, deberán asumi-lo pago de 3.859,51 euros para a execución do vial Sur previsto no PERI, tal e como se dispón nel, mediante a consignación dese importe na tesourería municipal, ou constitución de fianza/aval.

IV.- Por último, no momento de recepción das obras de urbanización, deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación, tal e como se dispón expresamente no vixente PXOU-93.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da "UA V-E" do PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón", promovido por "Basisa CB", redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llópiz, visado polo COAG no 02/12/2004, 19/05/2005 e 02/06/2005 (Expte. 4567/401).

SEGUNDO: Condiciónase suspensivamente este Acordo ó pago ou constitución de garantía suficiente en favor do Concello dos 3.859,51 euros destinaídos á execución do vial Sur previsto no PERI.

TERCEIRO: Para poder obter licenza de edificación no polígono antes da recepción total das obras de urbanización do polígono deberase constituír aval ou fianza polo importe de 79.025,59 euros en garantía da correcta execución de ditas obras.

CUARTO: Durante a execución das obras deberán respectarse os límites de contaminación acústica establecidos na lexislación estatal e autonómica sobre ruidos, e na vixente ordenanza municipal contra a contaminación acústica. A dirección técnica das obras deberá comunicar o seu inicio ó Coordinador Municipal da Área de Servizos. Cando se solicite a súa recepción, facilitarase o realmente executado en soporte informático. A dirección facultativa das obras entregará á inspección municipal o correspondente plan de control de calidade, ensaios e ou documentos que avalen a idoneidade das unidades de obra que estimen necesarios, consonte co prego de prescripcíons técnicas.

QUINTO: Ó tempo de recepción das obras de urbanización constituirase unha entidade urbanística de conservación.

SEXTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ó coordinador municipal dos servizos municipais e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(189)- RETAXACIÓN DE FINCAS EXPROPIADAS NO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. RECURSO DE REPOSICIÓN. EXPTE. 175/413. ESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Administración Xeral, do 31.01.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Feitos:

1º.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93), delimitouse en Valadares un ámbito de solo urbanizable a executar por expropiación, denominado "Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo" e destiñado a polígono industrial.

En data 03/11/1994 o Pleno do Concello aprobou definitivamente o proxecto de "Delimitación e expropiación dos terreos para implantación do parque tecnolóxico de Vigo" (BOP nº 240, de 16/12/1994), sendo o "Consortio da Zona Franca de Vigo" (CZFB) a entidade beneficiaria de dita expropiación (expte. 660/130). Dentro do ámbito obxecto de expropiación incluíronse as fincas nº "7-1015", "7-1118", "7-1301" e "7-1307".

2º.- D. Ángel Barros Vila impugnou o citado acordo plenario do 03/11/1994 ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no Recurso Cont.-Ad. 2/4172/1995, que foi desestimado por Sentenza firme do 20/03/1997, na que se confirmou "a declaración de expresa utilidade pública do referido parque, e a necesidade concreta de ocupación de bens e dereitos a efectos expropiatorios".

3º.- A expropiación tramitouse polo procedemento de urxencia. O día 24/02/1997 asináronse as actas previas á ocupación. Nos días 4, 5 e 6 de marzo de 1998 procedeuse ó pago dos depósitos previos á ocupación, e o 16/03/1998 asinouuse a Acta de ocupación material das devanditas fincas.

No 16/11/1999 o Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Povedra dictou Resolución sobre o prezo xusto expropiatorio. Foi impugnada polo CZFB e polos expropiados perante o TSXG nos recursos cont.-ad. 3/7438/2000 e 3/7343/2000, desestimados respectivamente por Sentenzas do 21/10/2002 e 27/02/2004.

O CZFB consignou o prezo xusto expropiatorio determinado polo Xurado Provincial de Expropiación Forzosa e os seus xuros de mora no ano 2002 na Caixa Xeral de Depósitos do Ministerio de Hacienda (rex. 2002 00054 E000012 0 // 2002 00054 E000063 0 // 2002 00054 E0001130).

4º.- Por outra banda, no día 26/10/2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou ordena-la derruba da nave industrial e da vivenda construídas ilegalmente nas fincas expropiadas. Dita orde de derruba foi impugnada polo expropiado na vía xudicial contencioso-administrativa, sendo confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa recente Sentenza do 28/07/2005 (rec. 2/4625/2002).

5º.- O CZFB tentou en sucesivas ocasións o desaloxo efectivo e voluntario destas fincas, sen conseguilo. Por iso solicitou desta Administración municipal -como entidade expropiante- o desaloxo forzoso. Nos días respectivos 15/12/2000 e 22/03/2001 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou executar forzosamente o desafiuzamento. D. Ángel Barros Vila impugnou ditos Acordos perante o TSXG, no recurso cont.-ad. 3/7571/2001, que foi inadmitido por Sentenza firme do 31/03/2004. En data 25/10/2005 o Xulgado do Contencioso-Administrativo 1 de Vigo dictou Auto autorizadorio da entrada nas fincas expropiadas para proceder ó seu desaloxo e lanzamento forzoso (proc. 15/2005). No día 16/11/2005 executouse o desaloxo forzoso das fincas expropiadas. Segundo informa o CZFB os expropiados retiraron tódolos bens aproveitables da parcela, incluso os materiais das edificacións preexistentes.

6º.- No 01/06/2004 D. Ángel Barros Vila e D. José Luis Castro Estévez interpuxeron un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando a retaxación do prezo xusto das fincas expropiadas "7-1015", "7-1118" e "7-1301". Déuselle traslado dunha copia dese escrito ó CZFB, que procedeu a respostalo con outro presentado no 22/06/2004. No 19/09/2005 a Xunta de Goberno Local acordou inadmitir a solicitud de retaxación.

No 14/10/2005 D. Angel Barros Vila e D. José Luis Castro Estévez presentaron nesta Administración municipal un Recurso de Reposición contra o referido Acordo, requirindo asemade a suspensión do desaloxo. Na mesma data interpuxeron outro escrito ampliando a retaxación á finca "7-1307".

Déuselle traslado dunha copia de ambos escritos ó beneficiario da expropiación (CZFV), concedéndoselle un trámite de audiencia polo prazo de dez días hábiles para a defensa dos seus dereitos. O Consorcio non presentou ningún escrito.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O desaloxo e lanzamento forzoso dos ocupantes das fincas de referencia obedeceu á execución do Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 15/12/2000. Acto firme, confirmado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na súa Sentenza, tamén firme, do 31/03/2004 (rec. 3/7571/2001). Nese proceso xa se discutiu acerca da procedencia da ocupación forzosa da finca expropiada, cun resultado favorable á mesma. Tamén o Xulgado do Contencioso-Administrativo 1 de Vigo considerou procedente o desaloxo no seu Auto do 25/10/2005, antes citado.

A expropiación tramitouse polo procedemento de urxencia. En consecuencia, de conformidade co disposto no art. 52 da Lei de Expropiación Forzosa (LEF), para a ocupación material das fincas e execución da obra de urbanización lexitimadora da expropiación bastaba a cumplimentación do depósito previo e da acta de ocupación. Neste caso ambos requisitos cumpríronse en marzo de 1998. Nas expropiacións urxentes a peza do prezo/xusto tramítase separadamente e con posterioridade á ocupación material das fincas expropiadas. A solicitude de retaxación en ningún caso impide nin retrasa a ocupación material das fincas expropiadas polo procedemento de urxencia, unha vez pagado o depósito previo e asinada a "acta de ocupación", como é o caso (SS TS 19/11/1993 -RJ 8353-, 10/06/2005 -RJ 6490- e 08/02/2005 -RJ 1888-, e SS TXS Madrid 708/1996, do 25/11/1996 e 868/2003, do 17/09/2003).

II.- No referente á solicitude de retaxación, pode sinalarse o seguinte:

A Resolución do 16/11/1999 do Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Pontevedra, na que se fixou o prezo xusto expropiatorio foi impugnada polo CZFV e polos expropiados perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos recursos cont.-ad. 3/7438/2000 e 3/7343/2000, desestimados respectivamente por Sentenzas do 21/10/2002 e 27/02/2004.

O art. 50.2 LEF dispoñe que: "O expropiado terá dereito a que se lle entregue, aínda que exista litixio ou recurso pendente, a indemnización ata o límite no que exista conformidade entre aquél e a Administración". Consta no expediente que os expropiados cobraron no ano 1998 a cantidade sobre a que existía conformidade, que ascendía a un total de 28.013.790 ptas. (168.366,27 euros).

Por outra banda, tal e como dispón o art. 50.1 LEF, cando exista litixio pendente de sentenza entre o expropiado e a Administración "consignarase o prezo xusto pola cantidade que sexa obxecto de discordia, na Caja General de Depósitos, a disposición da autoridade ou Tribunal competente". Dita consignación enerva a acción de retaxación do expropiado prevista no art. 58 LEF, aínda no caso de que non se lle tivese ofrecido a libre disposición da cantidade consignada (S TS, Sª 3ª, Secc. 2ª, do 28/03/1989, relator: Falcón García, RJ 1989\2142). Neste caso, consta que o CZFV, beneficiario da expropiación, consignou na Caja General de Depósitos do Ministerio de Hacienda a diferenza entre o prezo xusto determinado polo Xurado Provincial de Expropiación Forzosa e a cantidade xa pagada anteriormente.

Sen embargo, comprobouse con motivo deste Recurso de Reposición que a consignación do prezo xusto efectuouse pouco despois despois de transcorridos dous anos dende a data da Resolución do Xurado Provincial de Expropiación Forzosa. O prazo de dous anos establecido no art. 58 LEF para pagar ou consignar o prezo xusto é

obxectivo, preclusivo e improrrogable. Concorre polo tanto a causa de retaxación legalmente prevista. Circunstancia que obriga a estima-lo devandito recurso de reposición.

III.- A retaxación obriga a reinicia-lo procedemento para a determinación do prezo xusto expropiatorio de acordo co disposto nos arts. 24 e ss. LEF. En consecuencia, procede requirir ós expropiados e ó beneficiario da expropiación a fin de que no prazo de 15 días manifesten se acadaron ou non algún acordo sobre a fixación do prezo xusto.

Así mesmo, na determinación da indemnización non se deben considerar en ningún caso nin o valor das edificacións existentes nas fincas expropiadas nin os prexuízos derivados do cese ou traslado da actividade, considerándose a súa ilegalidade, así como a orde de derruba dictada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa Sentenza do 28/07/2005 antes citada (rec. 2/4625/2002). No referente ós xuros de mora, debe tamén considerarse que os expropiados continuaron ocupando as fincas e explotando a actividade ("Garaje Bouzas SL") ata o día 16/11/2005, desatendendo as reiteradas ordes de desaloxo que lles foran dirixidas dende o ano 1998.

IV.- A retaxación priva de efectos á citada resolución do Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Pontevedra do 16/11/1999. Procede en consecuencia rescata-las cantidades consignadas na Caja General de Depósitos do Ministerio de Hacienda, que tiñan como única causa dita resolución.

V.- É competente para emiti-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1 LBRL e art. 116.1 Lei 30/1992, do 26 de novembro.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Estima-lo recurso de reposición interposto por D. Ángel Barros Vila e D. José Luis Castro Riande contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 19/09/2005 denegatorio da solicitude de retaxación das fincas "7-1015", "7-1118" e "7-1301", expropiadas con motivo da urbanización do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (Valadares) -expte. 175/413-.

SEGUNDA: Reiniciar o procedemento para a determinación do prezo xusto das fincas expropiadas "7-1015", "7-1118", "7-1301" e "7-1307".

TERCEIRO: Na determinación da indemnización non se considerarán nin as edificacións existentes nas fincas expropiadas, nin os posibles prexuízos derivados do cese ou traslado da actividade, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

CUARTO: Abrir un prazo de 15 días hábiles a fin de que os expropiados e o beneficiario da expropiación poidan determinar por mutuo acordo o prezo xusto dos bens expropiados.

QUINTO: Autorizar ó Consorcio da Zona Franca de Vigo a recuperar as cantidades consignadas na Caja General de Depósitos do Ministerio de Hacienda con motivo da expropiación das fincas de referencia.

SEXTO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo ós recorrentes e ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**36(190).-SOLICITA DEVOLUCIÓN AVAL BANCARIO Á EMPRESA EDELNE, S.L.,
POLAS OBRAS DE CANALIZACIÓN NAS RÚAS LEPANTO E BAIXADA Á ESTACIÓN.
EXPTE. 47473/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Vías e Obras, do 27.01.06, conformado polo concelleiro-delegado de Vías e Obras,a Xunta de Goberno local acorda:

Con data 22 de xullo de 2005, este Departamento , condiciona a autorización obxecto do presente, a constitución dun aval de 7.720,48 Euros, polos danos que pudesan ocasionarse o patrimonio municipal no expediente 45365-250. Unha vez ingresado o mesmo na Tesorería Municipal e rematados os traballos solicitados, o interesado soliciou a devolución da fianza depositada en data 23/12/05.

O Enxeñeiro Técnico , en data 23/01/06, reseña que as obras foron executadas correctamente, procedendo a informar favorablemente a devolución do aval solicitado.

Polo que PROPONSE:

Proceder á devolución da fianza de 191565 Euros , a EDELNE S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 191.565 € a Edelne S.L.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**37(191).-SOLICITUDE DO MUSEO DE BELAS ARTES DE A CORUÑA DE
PRÓRROGA DE PRÉSTAMO DE OBRAS PARA A EXPOSICIÓN “TINO GRANDÍO E A ARTE
DA SÚA ÉPOCA”. EXPTE. 1551/337.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director en funcións do Museo municipal “Quiñones de León”, do 9.02.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Socias, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prórroga do préstamo temporal das obras Néboa, de Tino Grandío, nº inventario 546; A fiestra, de Colmeiro, nº inv. 394; Lavandeiras, de Maside, nº inv. 396, ao Museo de Belas Artes de A Coruña, para a exposición “Tino Grandío e a arte da súa época” ata o 10 de marzo de 2006, data límite da cobertura do seguro que acredita a entidade beneficiaria do préstamo, nas mesmas condicións derivadas do acordo de préstamo adoptado pola Xunta de Goberno local do 29 de agosto de 2005.

NESTES INTRES AUSENTASE O CONCELEIRO D. JOSÉ MANUEL IGLESIAS CARRERA.

38(192).-SOLICITUDE DE MEDIDAS PROVISIONAIS SOLICITADAS POLOS REPRESENTANTES DAS SOCIEDADES FOMENTO Y DESARROLLO TURÍSTICO S.A. E ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S.A. DOC 60010206.

O concelleiro Sr. Figueroa Vila da conta á Xunta de Goberno local da seguinte documentación que consta no seu poder: solicitude dos representantes das sociedades Fomento y Desarrollo Turístico S.A. e Acciona Infraestructuras S.A. en relación coa “concesión de obra pública para a construción y explotación dun Auditorio-Palacio de Congresos con zonas complementarias de explotación comercial na parcela da Casa Mar en Vigo” e do informe redactado polo letrado-Asesor D. Javier Mosquera Docampo sobre a devandita solicitude.

A Xunta de Goberno Local, considerando o seu carácter urxente en relación co transcurso do prazo de 10 días do artigo 60 bis – Medidas Provisionais do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, acorda a súa inclusión da orde do día.

O informe redactado polo letrado-Asesor D. Javier Mosquera Docampo, di como se transcribe de seguido:

Pola Xunta de Goberno do Concello solicítase informe xurídico sobre as medidas provisionais solicitadas por escrito presentado en data 31/01/2006 polos arriba referenciados; en concreto solicítase informe sobre a procedencia das mesmas, ó que se cinguirá este informe.

No seu “repetitivo” escrito, os solicitantes actúan con base ó disposto no artigo 60 bis do TRLCAP, solicitando a adopción das seguintes medidas provisionais :

“a) facilitar acceso al expediente a nuestras representadas, con traslado de los informes que se han emitido en el mismo, de conformidad con lo solicitado en nuestros escritos presentados a la Mesa de Contratación el 9 y 16 de enero de 2006;

b) apartar al Presidente en funciones de la Mesa, Sr. Figueroa del conocimiento del expediente;

c) inadmitir o excluir la propuesta de Testa Inmuebles en Renta S.A./ Caixanova, por no cumplir, de manera manifiesta los requisitos técnicos del Pliego de Precipciones Técnicas Particulares y del Anteproyecto, así como por haber omitido información y documentación relevante, lo que impide su adecuada valoración; y

d) revocar la Resolución de 19 de enero de 2006, por la que se altera la composición de la Comisión Paritaria.”

Sen entrar na discusión sobre a procedencia legal do escrito presentado polos solicitantes, co fin de garantir ó maximo os seus potenciais dereitos, debe admitirse o mesmo, sobre o que se informa de cada unha das medidas peticionadas á vista dos argumentos, únicamente os legais, que expoñen.

MEDIDA LETRA (a) : Con base ó disposto no artigo 35.1.a) da lei 30/92, debe accederse a esta petición e facilitarlles ós solicitantes a vista do expediente, con elo tamén se impedirá que os mesmos fagan alegacións en base a noticias periodísticas inexactas, nas que basea boa parte das súas peticións.

MEDIDA LETRA (b) : Non se aduce ningunha argumentación mínima xurídica ou algún dato obxectivo que permita aceptar esa petición, non podendo considerarse como tal as manifestacións de parte, interesadas e subxeitivas que fan os solicitantes. A parcialidade que aducen parece que a basean nunha irregular petición de informes polo Presidente accidental da Mesa, olvidando os solicitantes algo tan elemental como o disposto no artigo 81 .2 do TRLCAP que permite á Mesa de Contratación solicitar, antes de formular a súa proposta, CANTOS INFORMES CONSIDERE PRECISOS E SE RELACIONEN CO OBXECTO DO CONTRATO; por si fora insuficiente esta disposición legal, o propio Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexeña esta contratación o reitera expresamente na súa Cláusula 16.2.

Por outra parte, é preciso ter en conta que a Mesa de Contratación autorizou ó Presidente expresamente a solicitar tódolos informes convintes.

No escrito dos solicitantes nin sequera se dín os elementais principios de imparcialidad que debe presidir a actuación dun servidor público e que consideran vulnerados polo Presidente Accidental da Mesa, polo que este informe non pode entrar a considerarlo.

MEDIDA LETRA (c) : neste momento procedimental, no que está actuando a Mesa de Contratación e a Comisión Paritaria, é improcedente acceder tamén a esta petición, pois debe ser a Mesa, en base a tódolos informes que consten e con base ó preceptivo informe da Comisión paritaria - a que deberá analizar se debe excluírse algunha ou as dúas proposicións actualmente admitidas por considerar que incumplen as normas e documentos contractuais -, a que faga, no seu momento, a proposición que considere axeitada, sobre o que decidirá o Órgano de Contratación.

E decir, os solicitantes piden esta medida de exclusión dunha das propostas por considerar que incumple o esixido nos documentos contractuais, lóxicamente se elo fose certo podería existir unha causa de exclusión, pero debe ser a Mesa, tralo informe da Comisión Paritaria que deberá incluír a posible existencia de causas de exclusión de algunha ou tódalas ofertas, a que ten que propoñer, tamén, esa potencial exclusión despois de comprobar os posibles incumplimentos contractuais dos ofertantes.

MEDIDA LETRA (d) : tamén estímase improcedente pois o Concello é competente para designar os seus dous membros na Comisión Paritaria por expresa disposición da cláusula 4 do Convenio entre a Xunta, o Concello e a Autoridade Portuaria de Vigo. O que sí sería contradictorio é que formase parte desta Comisión algún membro da Mesa de Contratación pola evidente razón, sen máis consideracións, que elo suporía que un asesor se asesorase a si mesmo. En canto o funcionamento desta Comisión deben ser as partes afectadas as que o dispoñan.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar as medidas propostas no precedente informe e notificarlle este acordo á Mesa de Contratación.

39(193).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez